



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 28 de xullo de 2023 (1518/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Angel Rivas González  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e corenta e cinco minutos do día vinte e oito de xullo de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(620).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 21 de xullo de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(621).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE LECTORES/VALIDADORAS QR/NFC COMPATIBLES CO SISTEMA DE XESTIÓN DA TARXETA PASSVIGO. EXPTE. 10127/113.**

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 13/07/2023, dáse conta do informe-proposta de data 12/07/2023, asinado pola xefa do Servizo de Administración Electrónica e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

1.- En data 26/05/2023, atendendo ó informe de necesidade do Xefe de servizo de Administración Electrónica, á Cocelleira a pe de informe iniciou o expediente coa finalidade da contratación do subministro de lectores/validadoras QR/NFC compatibles co sistema de xestión da tarxeta Passvigo. De acordo có informe de necesidades este contrato é necesario para o desenvolvemento da tarxeta cidadá PassVigo que oncribese nas actuacións de “A extensión do sistema de pago e acceso a terceiros e de forma directa co pago os aparcadoiros públicos.” na Fase II .A adquisición do subministro de equipos obxecto do contrato ven motivada pola extensión do acceso a pagos a terceiros e ampliar a infraestrutura de puntos onde os usuarios da PassVigo poidan realizar os accesos a servizos municipais, de identificación e pago con teléfonos mobiles, o máximo número de puntos posibles que como mínimo xulgase en 100. En esta linea, de facilitar á cidadanía o acceso ós servizos municipais, compre incluír os servizos de transporte público, entre os susceptibles de uso, por ser un servizo con un gran impacto cidadá. Así mesmo a forma de tramitación é ordinaria.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 26/05/2023 e co conforme da Concelleira de Xestión Municipal e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda da mesma data.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 02/06/2023 asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 27/06/2022 asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria económica do contrato de data 27/06/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleiras de Xestión Municipal da mesma data e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda con data 29/06/2023.
- Memoria xustificativa do contrato de data 29/06/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 29/06/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato co conforme da Xefa do Area de Contratación de data 30/06/2023.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 29/06/2023, co conforme da Xefa do servizo de Contratación de data 30/06/2023.

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**



## Concello de Vigo

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.**- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia estaba delegada polos decretos de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 16/04/2021 e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019, 04/07/2019, 11/07/2019, 05/09/2019 e 18/08/2020 e posteriores modificacións. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 26/05/2023 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo.**- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, tramítase como un contrato de subministros. Toda vez que, a forma habitual de funcionamento no mercado da adquisición de lectores/validadoras é a incorporación dun software imprescindible para o seu funcionamento e un servizo de soporte que non implica actuacións complexas, tal e como se recolle no PPT

**Terceiro.**- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto.**- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.**- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sexto.**- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases

do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

#### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro de lectores/validadoras QR/NFC compatibles co sistema de xestión da tarxeta Passvigo, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 26/05/2023 e co conforme da Concelleira de Xestión Municipal e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda da mesma data.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 02/06/2023 asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 27/06/2022 asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria económica do contrato de data 27/06/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleiras de Xestión Municipal da mesma data e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda con data 29/06/2023.
- Memoria xustificativa do contrato de data 29/06/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 29/06/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato co conforme da Xefa do Area de Contratación de data 30/06/2023.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 29/06/2023, co conforme da Xefa do Area de Contratación de data 30/06/2023.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de **103.000,00 €**, que inclúe un I.V.E. de **17.876,03 €**, dende o 1 de agosto de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:



## Concello de Vigo

exercicio	concepto	Partida/Proxecto	Base	IVE	Total
2023	APL. FUNCIONALIDADES SERV. TARXETA CIDADA	9207.6410010	85.123,97 €	17.876,03 €	103.000,00 €

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(622).- MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELLEIROS/AS DE ÁREA DE GOBERNO E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E APROBACIÓN DO TEXTO REFUNDIDO. EXPTE. 1483/1102.**

Dáse conta da proposta de data 25/07/2023, asinada pola secretaria de Goberno local, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo alcalde, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, pola súa poboación e entidade como cidade configúrase como un municipio de gran poboación dende a entrada en vigor da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

En data 22 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno delegou nos concelleiros/as de Área de Goberno as seguintes atribucións da Xunta de Goberno Local que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área.

En aras da mellora na tramitación dos procedementos de contratación e conforme o informe da área de Contratación e Novos Proxectos parece aconsellable delegar determinadas competencias do órgano de contratación na concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, concretamente a resolución de solicitudes de confidencialidade das ofertas (artigo 133 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), aceptación ou rexeitamento da xustificación dos valores anormais ou desproporcionados das ofertas (artigo 149.6 LCSP). Esta delegación redundará na simplificación administrativa, así como na axilidade da tramitación dos procedementos de contratación, que xa son longos de seu pola súa complexidade, e por ende, nunha maior eficacia da organización municipal. Así mesmo, facilitará o cumprimento dos prazos establecidos para a súa adxudicación polo artigo 158 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as

Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP). Tales competencias son as relativas

As dinámicas de funcionamento municipal, a necesidade de imprimir axilidade na tramitación e, no seu caso, na resolución dos expedientes administrativos, fan aconsellable delegar en órganos de xestión unipersoal unha serie de competencias en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, de conformidade coas competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 124 LRBRL e demais normativa de aplicación polo que a vista do informe da área de contratación e novos proxectos formulo á Xunta de Goberno Local a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.**- Modificar o acordo de delegación da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2023 polo que se delegan nos concelleiros/as de Área de Goberno as seguintes atribucións da Xunta de Goberno Local respecto das competencias delegadas en materia de Contratación na Concellería de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal engadindo un punto 14

(..)

14. Resolución de solicitude de confidencialidade das ofertas (artigo 133 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), aceptación ou rexeitamento da xustificación dos valores anormais ou desproporcionados das ofertas (artigo 149.6 LCSP).

**SEGUNDO.**- Aprobar o texto refundido das delegacións da Xunta de Goberno local nos concelleiros/as de Área de Goberno que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área que se detallan de seguido:

### **I.- Na de Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.**

En materia de Igualdade,

1. Concesión das axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto.



## Concello de Vigo

### **II.- Na Concellería de Área de Goberno de Fomento e Servizos**

#### En materia de Fomento

1. Autorizar as obras e a ocupación de vía pública con motivo de realización de obras que se deban realizar para o funcionamento dos servizos, agás nos casos en que tal facultade corresponda a outro órgano.
2. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.
3. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos de obras
4. Aprobar a ampliación do prazo de execución das obras e a suspensión dos contratos de obras.
5. Aprobación de todo o proxecto de obras, excluindo as memorias valoradas que serán aprobadas polas titulares das concellería de área de goberno.
6. Adopción do acordo de ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público (artigo 243.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos ou normativa de aplicación).
7. Acordar a continuación provisional das obras tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa cando a suspensión temporal total execución das obras ocasione graves prexuízos para o interese público nos termos do previsto no artigo 242.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos , ou normativa de aplicación.
8. Resolución do expediente de danos e perdas con motivo da suspensión dos contratos de obras
9. Outorgar a autorización de uso e concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos de carácter extraordinaria que se celebren Municipal de Balaídos.

10. A tramitación e resolución dos expedientes de revisión de prezos extraordinarios regulado no Real Decreto Lei 3/2022, de 1 de marzo.
11. Outorgar as autorizacións para a colocación de anuncios publicitarios nos soportes das instalacións de iluminación pública previstos na Ordenanza municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior

#### En materia de Transportes

1. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas as seguintes medidas:
  - a) Reserva de estacionamento e paradas
  - b) Reservas especiais para persoas con discapacidade
2. Iniciar, impulsar e resolver expedientes, mesmo sancionadores, en materia de transporte en xeral e especialmente en materia do taxi, sen prexuízo das atribucións competenciais que poida dispoñer a normativa sectorial na materia.
3. Outorgar as autorizacións en materia de transporte escolar, licenzas de taxi, así como cantas outras fosen necesarias para o desenvolvemento da actividade de transporte en todos os seus ámbitos.

### **III.- Terceira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude.**

#### En materia de Emprego

A tramitación dos contratos laborais polos procedementos legalmente establecidos, formalización e extinción da relación laboral, agás a que sexa consecuencia de despedimento disciplinario das persoas que participan nos distintos programas de emprego.

#### En materia de Patrimonio

1. A xestión económica para tramitación e abono das cotas das Comunidades de Propietarios as que pertenza o Concello de Vigo, agás as correspondentes á Xerencia Municipal de Urbanismo.
2. A xestión e aprobación das operacións rexistradas de agrupación, división,





## Concello de Vigo

agregación, e segregación de fincas de titularidade municipal; así como o inicio e resolución dos procedementos administrativos para a reanudación do trato sucesivo interrompido, supostos de dobre inmatriculación, excesos de cabida, cancelacións ou rectificacións de asentos, e demais procedementos de modificacións rexistras, de acordo coa lexislación hipotecaria, e referente aos bens e dereitos municipais inscritos. Exceptúanse, os bens pertencentes ao Patrimonio Público do Solo e, no seu conxunto, todas aquelas operacións ou procedementos rexistras que resulten da actividade urbanística exercida pola Xerencia Municipal de Urbanismo, no ámbito das súas competencias.

3. A aprobación e autorización dos expedientes de gastos derivados da competencia desta Concellería en relación coa xestión do Pazo de Congressos Mar de Vigo

### En materia de Medio Ambiente

Outorgar as preceptivas licenzas para a tenza de animais potencialmente perigosos, a súa inscrición no Rexistro municipal, así como calquera outra atribución en relación coa tenza de animais potencialmente perigosos que sexa delegable.

### En materia do Zoolóxico municipal

Resolución de cesións e aceptacións gratuítas de animais -sen valor económico-.

### En materia de Cemiterios

1. Outorgar as autorizacións en materia de policía sanitaria mortuoria, conforme co disposto na normativa de aplicación (transmisión de panteóns, nichos, cinceiros..).
2. Instrución e resolución de expedientes de autorización para o exercicio da actividade funeraria dentro do termo municipal de Vigo, agás ás referidas ao exercicio de dita actividade con establecemento.

## **IV.- Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.**

### En materia de Seguridade

1. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios.
2. Outorgar as autorizacións de ocupación da vía ou espazo público de titularidade municipal previo informe do servizo que proceda no ámbito das súas competencias sempre e cando a autorización/licenza non estea suxeita ao réxime de concorrencia e non estea atribuída pola especialidade da materia a outra área delegada.
3. Outorgar a autorizacións as entradas de carruaxes dende a vía pública (licenzas de vado), así como os aproveitamentos especiais sobre o dominio público consistente no tránsito de vehículos ata os edificios e instalacións e viceversa, de conformidade co previsto na normativa xeral de aplicación e segundo o disposto nas disposicións de carácter xeral municipais.
4. Outorgar as autorizacións das cacharelas de San Xoán e queima de material pirotécnico, de conformidade co disposto na normativa reguladora da materia.
5. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas acordo de:
  - a) Reserva de estacionamento e paradas
  - b) Reservas especiais para persoas con discapacidade
  - c) Concesión de licenzas de terraza na vía pública anexas ao establecemento aberto ao público agás a aprobación dos proxectos en rúas peonís, prazas e outros espazos asimilables segundo o disposto no artigo 19 da Ordenanza municipal reguladora da instalacións de terrazas en espazos de uso público do Concello de Vigo.
6. Outorgar as autorizacións de ocupación de dominio público con motivo da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que con carácter ocasional se leven a cabo en vías ou espazos público de titularidade municipal, sempre que non estean suxeitas ao réxime de concorrencia e non estean atribuídas pola especialidade da materia a outra área delegada.
7. Concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos de carácter extraordinario que se celebren en vías ou espazos público.



## Concello de Vigo

8. As facultades inherentes ao réxime de control administrativo respecto de actividades recreativas ou espectáculos públicos que se celebren en vías ou espazos públicos.
- 9.- Instruír e resolver os expedientes de recuperación posesoria daquelas superficies integrantes da rede viaria municipal ocupadas sen título habilitante, en materias da competencia desta Área de Goberno e Administración Municipal.

### En materia de Contratación

1. A programación da actividade contractual, propoñendo a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.
2. A xestión prevista na normativa en materia de desindexación da economía española, para poder fixar a revisión periódica e predeterminada dos prezos do mesmo.
3. A aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas.
4. A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de estos á hora de presentalas súas ofertas electronicamente.
5. A aprobación da proposta de clasificación de licitadores formulada polo órgano correspondente.
6. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos salvo nos contratos de obras.
7. Resolver a exclusión dos licitadores cuxas ofertas inclúan valores anormais que impidan o seu cumprimento, e así se teña declarado pola Mesa de Contratación tras da tramitación do procedemento previsto na normativa de aplicación.
8. Exercicio das competencias, relativas á corrección de erros materiais ou

aritméticos e a modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares sempre e cando non impliquen modificacións significativas consonte ó previsto no artigo 136.2 da LCSP ou normativa de aplicación.

9. Exercicio das competencias en materia de consultas preliminares de mercado (artigo 115 da LCSP)
10. Incoación de expedientes de resolución de contratos.
11. Resolución de solicitude de confidencialidade das ofertas
12. Solicitar de ofertas de acordos marco das Central de Contratación ás que se adhira o Concello.
13. A competencia para actuar en representación da Xunta de Goberno Local intervindo como responsable de operación na análise *ex ante* de risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.
14. Resolución de solicitude de confidencialidade das ofertas (artigo 133 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), aceptación ou rexeitamento da xustificación dos valores anormais ou desproporcionados das ofertas (artigo 149.6 LCSP).

#### En materia de Recursos Humanos

1. A concesión dos permisos e licenzas de todo o persoal municipal
2. O recoñecemento do grao persoal e trienios.
3. Aprobación dos devengos retributivos derivados dos supostos de encomendas de funcións, acumulacións de tarefas, acumulación temporal de postos de traballo, produtividade e gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, nocturnidade e festividade, nos termos do disposto nos actos administrativos de autorización ou aprobación dos ditos conceptos.
4. A aprobación dos criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade, dando conta ao órgano delegante.
5. A declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal



## Concello de Vigo

municipal, autorización do reingreso ao servizo activo e a rehabilitación na condición de funcionario.

6. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local, agás no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios, materia esta competencia da área de Seguridade.
7. A aprobación e autorización de gastos en materia de persoal con cargo ao Capítulo I de gastos dos orzamentos municipais, así como dos gastos e indemnizacións que se tramiten pola Área de Recursos Humanos e Formación como centro xestor, excepto aqueles gastos que se correspondan coa selección, nomeamento, contratación ou prórroga de vínculo de servizo ou laboral de efectivos ao servizo do Concello de Vigo, cuxa autorización será competencia da Xunta de Goberno Local.
8. A execución de sentenzas, autos e demais resolucións xudiciais, provisionais ou firmes, en materia de persoal, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
9. Execución dos requirimentos efectuados pola Inspección de Traballo e polas Entidades xestoras e Administración da Seguridade Social en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
10. *Decisión sobre a interposición de recurso xudicial fronte a resolucións xudiciais non firmes en materia de persoal, previo informe sobre viabilidade xurídica do recurso que se emita pola Asesoría Xurídica Municipal.*
11. Acordos en materia de reasignación e redistribución de efectivos, provisión extraordinaria e urxente de postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, traslados, cambios de adscrición e remoción do persoal.

### En materia de SPPRL

1. Fixar os mecanismos para a coordinación entre as distintas Áreas e Servizos do Concello de Vigo e entre estes e o SPPRL (Área de Recursos Humanos e

Formación) a fin de integrar a prevención.

2. Nomear as figuras e/ou persoas que teñen asignada por lei funcións e responsabilidades concretas en materia de seguridade e saúde laboral -recursos preventivos, traballadores designados, traballadores autorizados ou cualificados, propostos por cada concellería delegada.
3. A aprobación dos procedementos de traballo seguro, as instrucións de traballo seguro, circulares informativas e os documentos de seguridade específicos en materia de seguridade e saúde laboral propostos por cada concellería-delegada e/ou polo SPPRL.

## **V. Área de Goberno de Política Social e Turismo.**

En materia de Política de Benestar social,

1. Concesión das axudas para atención a persoas físicas, familias e unidades de convivencia, sempre e cando estas non excedan de 12.000 euros ano a cada beneficiario, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto
2. Resolver as solicitudes de prestación dos servizos de teleasistencia domiciliaria municipal e axuda no fogar e demais solicitudes de prestacións individuais para a prevención, asistencia e promoción social, para aqueles gastos previamente autorizados e comprometidos pola Xunta de Goberno Local.

## **VI. Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.**

1. O recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.
2. Autorizar a devolución de fianzas derivadas das relacións contractuais, de ocupación de dominio público pola organización de eventos, as depositadas por débedas tributarias recurridas e calquera outras que se poideran ter depositado na Tesourería municipal.
3. Concertación de operacións de tesourería, cando o importe das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos liquidados no exercicio anterior.
4. En xeral, a xestión económica agás, os actos de autorización e disposición do gasto atribuída á Xunta de Goberno Local.



## Concello de Vigo

### **VII.- Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais.**

#### En materia de parques e xardíns

1. Outorgar as autorizacións de talas e traslado de arbolado o masas arbóreas, así como as ocupacións nas zonas verdes públicas.
2. A dirección e coordinación do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, facultado para a adopción de cantas medidas de impulso, desenvolvemento e execución resulten precisas.
3. A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten en relación coas competencias municipais en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos en dito ámbito, así como a tramitación e adxudicación dos contratos menores, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas.

#### En materia de Comercio

1. Outorgar as autorizacións para o exercicio da venda ambulante, de acordo coa ordenanza municipal e as demais normas previstas na lexislación vixente na materia.
2. Outorgar cantas autorizacións e permisos resulten atribuídos ao Concello pola normativa sectorial, estatal ou autonómica, en relación coa actividade venda minorista, agás ás referidas ao exercicio da dita actividade con establecemento.

**TERCEIRO.-** Así mesmo todos os/as concelleiros/as de Áreas de Goberno exercerán, por delegación desta Xunta de Goberno Local e con carácter xenérico, as seguintes atribucións:

1. O exercicio e resolución de cantos expedientes deriven do exercicio da potestade sancionadora que lle fosen legalmente atribuídos a esta Xunat de Goberno Local e a adopción, no seu caso, de cantas medidas provisionais fosen necesarias.

2. Ditar resolucións e prestar a súa conformidade ás certificacións ou actas de recepción de obras, subministros, servizos ou asistencia técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa área, comprendendo no caso de aprobación das certificacións finais, a autorización da ampliación do gasto cos límites que no seu caso establecidos.
3. Aprobar a autorización do inicio da prórroga dos contratos da súa Área.
4. A adxudicación dos procedementos abertos simplificados de tramitación abreviada previsto no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, así como a resolución de cantas incidencias poidan xurdir na fase de tramitación.
5. A tramitación e adxudicación dos contratos menores no ámbito das concellerías delegadas conforme a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos conlevando a autorización e/ou disposición de gasto. Dita competencia abarcará a resolución de calquera incidencias respectos dos efectos, cumprimento e extinción de ditos contratos.
6. A iniciación dos expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas delegadas así como a resolución de calquera incidencia que xurda durante a súa tramitación con carácter previo a aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación pola Xunta de Goberno Local.
7. Efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos das súas áreas ditando ao efecto as ordes e instrucións que se estimen oportunas e propoñendo, no seu caso, ao órgano de contratación a apertura do procedemento sancionador ante posibles incumprimentos.
8. Autorizar as comisións de servizo con dereito a indemnización do persoal adscrito á súa área cando a duración das mesmas non sexa superior a cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar a comisión de servizos co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata disto á Concellería de delegada en materia de Recursos Humanos e Formación.
9. Autorizar, cando estean directamente relacionados coa función pública, a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento do persoal da súa área, de conformidade coas normas establecidas nas bases de execución do orzamento sempre e cando a duración do curso non supere os cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar o dereito á





## Concello de Vigo

formación co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata á Concellería de delegada en materia de Recursos Humanos e Formación.

10. Conformer o cadro de vacacións anuais que elabore a Xefatura de Área ou Servizo encadrada en cada Concellería, e remitilo á Área de Recursos Humanos e Formación nos prazos establecidos aos efectos oportunos.
11. Coordinar a tramitación dos expedientes da súa competencia naqueles casos nos que afecte a outras Concellerías, solciitando a emisión de informes das distintas áreas e a realización de cantas actuacións resulten necesarias para a conclusión dos expedientes.
12. Delegar nos/nas Concelleiros/as de Área de Goberno, para o seu concreto ámbito competencial e dentro da estrutura da súa área, as competencias en materia de seguridade e saúde laboral, agás as que estean atribuídas expresamente a outros órganos de goberno.
13. Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo en materia de seguridade e saúde laboral que correspondan ás operacións e actividades que se realizan na área de goberno da súa competencia, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos, e dando conta á Xunta de Goberno Local. En materia de recursos humanos esta competencia corresponderá á Concellería Dda de Organización Municipal
14. A expedición de certificacións de silencio administrativo en relación cos expedientes obxecto de tramitación na súa Área delegada.
15. A facultade de revisión de oficio reguladas na normativa aplicable en materia de Procedemento Administrativo Común, cando o acto obxecto de revisión se tivese ditado en virtude de competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local.
16. Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración interinstitucional con Administracións Públicas e institucións, universidades, centros de ensino, escolas de administración pública; en materia formativa de empregados públicos, órganos directivos e cargos electos locais, así como de convenios de colaboración e/ou formación para a realización de prácticas no Concello de Vigo.

**CUARTO.-** Delegar nos concelleiros/as delegados en asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local e no ámbito da súa delegación as atribucións relativas a incoación de expedientes , sinatura de memoria xustificativa dos contratos menores, informe da necesidade de contratación e calquera acto trámite, xa sexa de ordenación ou instrución. Así mesmo atribúese aos concelleiros/as delegados a facultade de conformar o cadro de vacacións anuais que elabore a Xefatura de Área ou Servizo encadrada en cada Concellería, e remitilo á Área de Recursos Humanos e Formación nos prazos establecidos aos efectos oportunos.

**QUINTO.-** Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**SEXTO.-** Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

**SÉTIMO.-** As facultades que poderán exercer os concelleiros de Área de Goberno en relación coas atribucións obxecto de delegación serán, na súa integridade, as que correspondan ao órgano delegante, reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

**OITAVO-** O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, agás no relativo aos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios concelleiros de Área.

**NOVENO.-** A Xunta de Goberno Local exercerá o control sobre o desenvolvemento e execución das competencias delegadas mediante a solicitude de informe cando o consideren axeitado baixo os parámetros que no marco da súa potestade de autoorganización determine.

**DÉCIMO-** Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as afectados/as para o seu coñecemento e efectos.

**DÉCIMO PRIMEIRO.-** Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.



## Concello de Vigo

**DÉCIMO SEGUNDO.-** O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

**DÉCIMO TERCEIRO.-** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(623).- DAR CONTA LA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓN XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 16074/111.**

Dáse conta do informe-proposta de data 18/07/2023, asinado pola xefa do Servizo de Asesoramento e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

#### **A) RESOLUCIÓN DITADAS NA ORDE XURISDICIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA**

##### **1.- Contencioso**

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Retribucións. Complementos de nocturnidade e festividade e valor das horas extraordinarias durante os últimos 5 anos. Policía Local

Contía: Indeterminada

<b>Ref. Asesoría Xurídica</b>	<b>Núm. Recurso Apelación</b>	<b>Núm. Sentenza</b>	<b>Data Sentenza</b>	<b>Procedemento de orixe</b>	<b>Exptes. administrativos</b>
14640/111	356/2022	461	31/05/2023	RC-A nº 294/2021 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 73 do 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022	35363/220 38149/220

14648/111	370/2022	480	07/06/2023	RC-A nº 322/2021 PA XC-A nº 1 Vigo, Sen- tenza nº 70 de 15/03/2022, estima- toria parcial, comuni- cada na sesión da XGL do 21/04/2022	35363/220 38149/220
-----------	----------	-----	------------	--	------------------------

Estas sentenzas, que non son firmes (recorridas en casación), resolven os recursos de apelación dos actores contra as sentenzas da instancia estimándoos, revogan a sentenza apelada e declaran o dereito do actor a:

1º) Percibir os "pluses de festividade e nouturnidade" durante os períodos de vacacións, I.T., "días de libre disposición e demais permisos retribuídos".

2º) Percibir as "horas extraordinarias ou de exceso de xornada" segundo a "fórmula contida no feito segundo da demanda".

3º) O aboamento das cantidades correspondentes aos "cinco anos" anteriores á data da solicitude inicial e ata novembro do 2020 "no caso das horas extraordinarias".

## 2.- Contencioso

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (Bombeiros)

Contía: Indeterminada

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Recurso	Núm. Sentenza	Data Sentenza
13287/111	328/2020 P. Ordinario	129	25/05/2023
13298/111	332/2020 P. Ordinario	139	25/05/2023
13035/111	239/2020 P. Ordinario	156	20/06/2023
13289/111	325/2020 P. Ordinario	325	01/06/2023

Estas sentenzas, ditadas en execución do resolto en apelación, analizan e resolven a pretensión de condena de 25.000 euros por responsabilidade patrimonial do Concello por dano moral (por anulación xudicial do decreto de 6-2-2019 do Concelleiro de Seguridade).

No seu F.D. 2º reitera a diferenza entre horario e xornada de traballo.

No seu F.D. 3º, coa base no dereito da administración e no deber do funcionario de cumprir a xornada de traballo legalmente establecida, conclúe na inexistencia de dano antixurídico, desestima o recurso e declara a firmeza desta segunda sentenza por razón de contía.

## 3.- Contencioso

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (Bombeiros)



## Concello de Vigo

Contía: Indeterminada superior a 30.000 €

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Recurso Apelación	Núm. Sentenza	Data Sentenza	Procedemento de orixe
15239/111	68/2023	432	24/05/2023	PO 215/2020 XC-A nº 1 Vigo
15250/111	58/2023	431	24/05/2023	PO 324/2020 XC-A nº 1 Vigo
15499/111	138/2023	469	07/06/2023	PO 191/2020 XC-A nº 1 Vigo
15713/111	223/2023	528	21/06/2023	PO 327/2020 XC-A nº 1 Vigo
15722/111	193/2023	527	21/06/2023	PO 185/2020 XC-A nº 1 Vigo

Estas sentenzas, que non son firmes pero contra as que só é posible interpoñer recurso de casación, inadmiten os recursos por razón da contía, conforme á alegación que se fixo valer pola representación do Concello.

Trátase do segundo recurso de apelación promovido por cada un dos demandantes, funcionarios do SPEIS, contra a sentenza do XC-A nº 1 de Vigo, e que forma parte dunha relación de máis de medio cento de recursos conexos, resoltos polo XC-A nº 1 e nº 2 de Vigo.

A Sala do TSXG considera, con respecto á contía, que a condena non superaría os 30.000 euros, en concepto de diferencias de cantidade con relación ao abono das gratificacións por servizos extraordinarios, atendendo ao resultado estimatorio parcial da sentenza que apelou (STS 8/6/2020).

Canto á reclamación de responsabilidade patrimonial, por importe de 25.000 euros, a Sala resolveu que ao non declararse a inadmisibilidade do recurso contencioso nese aspecto na resolución de instancia, entende que o recurso de apelación é igualmente inadmisibile, ao non exceder a reclamación por dano moral de 30.000 euros.

A Área de Recursos Humanos e a de Seguridade, xunto coa Xefatura do SPEIS deben coñecer do resolto.

4.- Contencioso. Expediente nº 13838/111

Decreto do 8 de xuño de 2023

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de casación: 2123/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (Bombeiros)

Contía: Indeterminada superior a 30.000 €

Esta resolución ten por desistido ao demandante e acorda o arquivo do procedemento. Este recurso de casación o promoveu o demandante contra a sentenza que inadmitiu o recurso de apelación do actor contra a resolución de instancia.

Este asunto está relacionado con outros con idéntico obxecto e resultado ditadas polo XC-A nº 1 de Vigo. Sentenza, ditada polo TSXG e contra a que só cabe recurso de casación, inadmite o recurso de apelación presentado polo Concello de Vigo e inadmite o recurso de apelación presentado polo actor (funcionario do SEIS) e simultaneamente desestima as restantes pretensións, confirmando con isto a sentenza de instancia.

Trátase do único asunto resolto polo XC-A nº 1 Vigo no que non se completara cun Auto a sentenza ditada na instancia.

A sentenza da instancia resolveu que procede abonarlle ao demandante as diferencias que resulten das horas de exceso sobre a xornada anual ordinaria, ao valor da hora normal de traballo, cos xuros procedentes. Cuestión que se ten que levar a cabo segundo a Sala, en execución de sentenza.

A Área de RRHH e Formación, a Área de Seguridade e o Servizo de Bombeiros deben de coñecer do resolto.

*Procedementos de orixe:*

*Recurso Apelación nº 580/2021 TSXG, Sala C-A, Sección nº 1, Sentenza nº 18 de 18/01/2023, comunicada na sesión da XGL de 23/03/2023*

*RC-A nº 333/2020 PO XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 137 de 22/07/2021, comunicada na sesión da XGL do 29/10/2021*

5.- Contencioso. Expediente nº 15181/111

Sentenza nº 153 do 6 de agosto de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 330/2022

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Acordo da XGL do Concello de Vigo adoptado na sesión do 29/09/2022, desestimatorio do recurso de reposición formulado contra outro do 18/08/2022, que aprobou os criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das OEP.

Expte(s): 36685/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso interposto polo sindicato CCOO contra a resolución desestimatoria do recurso de reposición que presentou contra a resolución municipal que aprobou os criterios de xestión das listas de reserva derivadas dos procesos de execución das ofertas de emprego público e das convocatorias do Concello de Vigo.

A sentenza desbota primeiramente os alegatos relativos á nulidade do acordo impugnado por incompetencia do órgano competente para a súa aprobación, pola natureza regulamentaria que segundo a actora terían estes criterios de xestión, así como pola ausencia absoluta de procedemento para a aprobación dos novos criterios. Menciona a resolución a firmeza e precedentes que constitúen os anteriores acordos que aprobaron os criterios de xestión anteriores ao actual, non impugnados e igualmente actos administrativos.

Se examina nesta resolución a natureza dos criterios, expoñendo que os mesmos carecen da natureza dunha norma, porque non regulan as condicións de acceso ao emprego público do Concello de Vigo de modo xeral, senón das persoas que aspiran (mera expectativa) ao desenvolvemento de funcións tras participar nun proceso selectivo e non propoñerse o seu nomeamento ou non obter praza algunha. Conclúe e pecha este pronunciamento coa cita expresa da DA 17ª do EBEP (TR), que contempla expresamente que sexa un acto o que regule os criterios de actuación para evitar fraude ou abuso na contratación temporal.



## Concello de Vigo

Canto aos diferentes aspectos cuestionados e de natureza temporal para a xestión das situacións de nomeamento; períodos de agarda nomeadamente, a sentenza reitera que o conxunto de normas que a actora invocaba operan con relación a persoas empregadas públicas, pero non aos integrantes das listas de reserva.

Outro tanto resolve con relación á situación pola que se propón o nomeamento nestas listas dunha persoa que xa é funcionaria de carreira, entendendo que abonda coa cita do art. 89.2 do TREBEP, que regula que a concesión da excedencia voluntaria se subordina ás necesidades do servizo, motivadas.

A total desestimación da demanda comporta a imposición de custas, limitadas a 400 euros neste procedemento.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 15576/111  
Sentenza nº 157 do 21 de xuño de 2023  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 316/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Acordo da XGL do 18/08/2022 (publicado no BOPPO nº 167 de 01/09/2022), polo que foron aprobados os denominados "Criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das Ofertas de Emprego Público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo", e os actos de execución dimanantes da aplicación de ditos criterios

Expte(s): 36685/220

Contía: Indeterminada

Sentenza desestimatoria do recurso contencioso administrativo interposto polos recorrentes, contra o acordo do Concello de Vigo de 18 de agosto de 2022 polo que se aprobaron os criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo e fronte aos actos derivados da súa aplicación. A pretensión de revogación de anulación de dito acto foi desestimada por canto foron aprobados por órgano competente, foron ditados en cumprimento da normativa de emprego público, o acto polo que se aprobaron é un acto consentido e firme, os compoñentes das listas de reserva non teñen a consideración de empregados públicos pola mera inclusión nelas, os criterios se axustan aos límites da temporalidade no emprego público e os criterios non conteñen o grao de innovación normativa que lle atribúe a demanda. Contra ela cabe interpor recurso de apelación.

7.- Contencioso. Expediente nº 15526/111  
Sentenza nº 93 do 27 de xuño de 2023  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 39/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Acordo da Xunta de Goberno Local do 23/09/2022 que aprobou definitivamente a RPT ano 2022.

Expte(s): 1690/110 e 40642/220

Sentenza firme pola que se desestima o recurso contencioso administrativo interposto contra a desestimación presunta por silencio administrativo da reclamación efectuada pola demandante da modificación da RPT en relación ao posto de Xefa de Negociado de Actas do Pleno no relativo ao complemento específico e contra o acordo da XGL polo que se aproba con carácter definitivo a RPT do ano 2022, por canto non quedou demostrado que as funcións realizadas pola demandante se corresponden co posto cuxo complemento específico reclama, nin que as funcións do seu posto sexan iguais ou as mesmas das do posto de Xefa de Oficina de Goberno Local, ou que realiza funcións que non se encadren dentro da guía de funcións aprobada no ano 2022. En relación á solicitude de ampliación do recurso ao acordo do Concello de maio de 2023 polo que se aproba a RPT de 2023 se rexeita por canto non supón en relación ao recurso, un suposto do art. 36.4 da LXCA.

Darase traslado desta resolución xudicial ao servizo municipal de RRHH para o seu coñecemento.

8.- Contencioso. Expediente nº 15730/111  
Sentenza nº 71 do 2 de xuño de 2023  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 96/2023  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Resolución de 01/03/2023 (desestimatoria de solicitude de declaración de excedencia por incompatibilidade de prestación de servizos no sector público) e denegación de toma de posesión como funcionario de carreira no Concello de Vigo como Policía Local  
Expte(s): 41821/220  
Contía: Indeterminada

A sentenza que resolve este recurso, estimando o mesmo, non é firme, e contra a mesma presentouse recurso de apelación. Relaciónase cos PA 208 e 282/2022, tramitados e resolto en idéntico sentido perante o mesmo Xulgado.

A demanda a interpuxo un Policía Local en situación de servizo activo noutro Concello trala superación dun proceso selectivo convocado polo Concello de Vigo para a cobertura de prazas vacantes.

Esta persoa solicitou en vía administrativa o recoñecemento dunha situación de excedencia por prestación de servizos noutras administracións, que se lle desestima.

A cuestión de fondo é se lle corresponde ao Concello de Vigo, e conforme á normativa de aplicación a estas situacións, resolver de oficio e declarar en situación de excedencia pola prestación de servizos no sector público (en aplicación das leis sobre incompatibilidade), por tratarse de dúas prazas de Policía Local, a de orixe e a de destino, sen que sexa preciso que tome posesión na de destino, se opta por permanecer na de orixe.

A sentenza resolve esta cuestión expoñendo as normas legais de aplicación e resumindo a interpretación que o TSXG ofrece deste tipo de asuntos. A este respecto, o criterio do Xulgado, facendo seu o do TSXG, é que o Concello tiña que declaralo nesa situación de excedencia, xa que optou pola praza de orixe, non sendo necesario que chegase a tomar posesión no Concello de Vigo.





## Concello de Vigo

A Área de Recursos Humanos e Formación debe coñecer do resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 15761/111  
Auto nº 49 do 6 de xuño de 2023  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 116/2023  
Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Inexecución ou non execución de silencio administrativo positivo, en relación coa petición de abono das vacacións non disfrutadas dos anos 2020 e 2021, ou contra denegación da petición por silencio administrativo

O auto declara terminado o procedemento por satisfacción extraprocesual toda vez que no expediente administrativo 37959-220 foi ditada resolución pola Area de RRHH e Formación de 27 de abril de 2023 recoñecendo o dereito do recorrente ao abono dos días de vacacións devengadas e non gozadas correspondentes aos anos 2020 e 2021, producíndose a efectividade do cobro das cantidades recoñecidas, constando a conformidade do demandante.

O auto (aclarado ou rectificado de oficio por outro posterior de 7 de xuño de 2023) é firme e non impón as costas a administración municipal.

10.- Contencioso. Expediente nº 15893/111  
Decreto nº 14 do 30 de xuño de 2023  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 153/2023  
Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución da Concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal que inadmitiu a trámite a solicitude de permuta efectuada como funcionarios de carreira con praza de Bombeiros no Ayuntamiento de Salvatierra/Agurain (Álava) e Concello de Vigo, respectivamente  
Expte(s): 41598/220  
Contía: Indeterminada

O decreto acorda ter por desistido ao recorrente declarando a terminación deste procedemento en relación coa permuta formulada por un funcionario do Servizo de Extinción de Incendios .

Debe coñecer o resolto Recursos Humanos e Formación.

11.- Contencioso. Expediente nº 15427/111  
Sentenza nº 160 do 21 de xuño de 2023  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 7/2023  
Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos sufridos en local sito na rúa Gran Vía por mor das sobretensións derivadas da instalación do sistema de iluminación do nadal municipal do ano 2019.

Expte(s): 6303/243  
Contía: 898,86 €

Sentenza firme desestimatoria do recurso contencioso administrativo interposto pola compañía aseguradora Zurich Insurance (acción de reembolso) contra o silencio desestimatorio do Concello de Vigo da reclamación patrimonial presentada ante o Concello de Vigo pola que reclamaba o importe aboado á entidade asegurada polos danos padecidos nos seus bens por unha sobretensión eléctrica. Con imposición de custas por importe de 200 euros.

Darase traslado desta resolución xudicial ao servizo municipal de Patrimonio a efectos do seu coñecemento.

12.- Contencioso. Expediente nº 15548/111

Sentenza nº 150 do 1 de xuño de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 45/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da solicitude de execución da resolución do 15/06/2021 estimatoria da reclamación por RPA, polos danos ocasionados a vehículo.

Expte(s): 6247/243

Contía: 1.282,77 €

A sentenza, firme, estima parcialmente o recurso fronte a inactividade do Concello por non executar a resolución que condenaba a CONTENUR S.L a indemnizar a recorrente a cantidade de 1.282,77 €. Considera que non proceden os xuros desde a data da reclamación de responsabilidade administrativa pero si os devengados desde que se solicitou a execución do acto municipal. E en consecuencia, condena ao Concello a executar a resolución municipal (de pago da indemnización por parte CONTENUR) e a pagar os xuros desde a solicitude de execución ata o pagamento da indemnización.

Debe coñecer e executar o resolto o departamento de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial.

13.- Contencioso. Expediente nº 15663/111

Sentenza nº 95 do 27 de xuño de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 80/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos ocasionados a vehículo ao caer unha árbore cando se atopaba estacionado na rúa Cronista Xosé M. Álvarez Blázquez

Expte(s): 6707/243

Contía: 416,01 €

Sentenza firme pola que se desestima o recurso contencioso administrativo interposto contra a desestimación presunta da reclamación patrimonial presentada polo demandante ante o Concello de Vigo polos danos padecidos no seu vehículo como consecuencia da caída dunha árbore sita no Castro, e a correspondente indemnización por importe total de 416,01 euros.

Darase traslado desta resolución xudicial ao servizo de Parques, Montes e Xardíns e ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.



## Concello de Vigo

14.- Contencioso. Expediente nº 14048/111

Sentenza nº 493 do 14 de xuño de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 34/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións sufridas por mor dunha caída na rúa Gran Vía.

Expte(s): 5743/243

Contía: 34.984,08 €

Esta sentenza, que non é firme, pero contra a que só cabe promover recurso de casación, desestima o recurso de apelación interposto pola demandante da instancia, desbotando os argumentos empregados na apelación. Se impoñen as custas da apelación.

O obxecto de recurso na instancia é unha desestimación da reclamación por responsabilidade patrimonial, por unha caída que comportou danos corporais na demandante, na R/ Gran Vía.

A sentenza considera que non existe erro na valoración da proba, centrándose especialmente nas testemuñas, ás que considera parciais. Pola súa parte a documental gráfica, tampouco permite apreciar restos das obras que se estaban a executar sobre a zona de deambulación.

Comparecía a compañía aseguradora do Concello e tamén a contratista das obras.

O Servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

*Procedemento de orixe:*

*RC-A nº 333/2019 PO XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 199 de 11/10/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 10/12/2021*

15.- Contencioso. Expediente nº 15598/111

Sentenza nº 158 do 20 de xuño de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 61/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Silencio administrativo da reclamación de solicitude de vixilancia e prohibición do estacionamento nas rúas adxacentes ao colexio Divino Salvador, onde se ubica a súa residencia, porque lle impide a entrada e saída da vivenda.

Expte(s): 188291/323

Contía: Indeterminada

Sentenza pola que se inadmite o recurso contencioso administrativo interposto contra a inactividade e o silencio do Concello de Vigo ante a reclamación efectuada polo actor vía telefónica contra o aparcamento de vehículos nas inmediacións da súa vivenda. As causas de inadmisión son diversas: desviación procesual, problema probatorio de base, non houbo silencio administrativo propiamente dito, non concorren os requisitos da inactividade, non hai

procedemento administrativo iniciado a instancia departe, nin o obxecto foi un procedemento sancionador. Cabe recurso de apelación.

Darase traslado da presente resolución xudicial aos departamentos de Participación Cidadá e Policía Local para o seu coñecemento.

16.- Contencioso. Expediente nº 15453/111  
Sentenza nº 110 do 11 de maio de 2023  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 361/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, das solicitudes dirixidas ao Concello cos núms. Número de entrada: 220053009, Fecha de entrada: 14/03/22, Expediente: 2200220053009; Número de entrada: 220051311, Fecha de entrada: 10/03/22, Expediente: 220051311; Número de entrada: 220056138, Fecha de entrada: 17/03/22, Expediente: 220056138; Número de entrada: 220059316, Fecha de entrada: 22/03/22, Expediente: 220059316; Número de entrada: 220066903, Fecha de entrada: 04/04/22, Expediente: 220066903; Número de entrada: 220064823, Fecha de entrada: 31/03/22, Expediente: 220064823; Número de entrada: 220062702, Fecha de entrada: 29/03/22, Expediente: 220062702.

Expte(s): 298469/280

Contía: Indeterminada

Esta sentenza inadmite o recurso presentado polo demandante, non sendo firme.

O actor presentou na vía administrativa, ao longo dos meses de marzo e abril do ano 2022 múltiples escritos manifestando o mal funcionamento da Policía Local, con relación a prácticas de parada e estacionamento non sancionadas.

A resolución recoñece a falta de lexitimación do demandante para solicitar que se depuren responsabilidades contra a Policía Local, nin tampouco máis aló do restritivamente recoñecido nos casos de denuncia voluntaria, pode exercer acción algunha neste tipo de supostos, para o que consta no expediente que fora requirido sen chegar a completar tales solicitudes.

Na sentenza se transcribe a xurisprudencia sobre a lexitimación en procedementos sancionadores, para concluír que esta falta de lexitimación se transforme nun dereito a que se lle imponha a terceiros unha determinada sanción.

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

17.- Contencioso. Expediente nº 14857/111  
Sentenza nº 141 do 25 de maio de 2023  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 190/2022

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo ditada no expediente sancionador nº 2021/21548 que impón sanción por non identificar ao condutor do vehículo

Expte(s): 287343/280

Contía: 900,00 €



## Concello de Vigo

A sentenza estima o recurso fronte a resolución da Concelleira da Área de Seguridade recaída no expte 2021/21548 que impón unha multa de 900 euros por non identificar ao condutor no momento da comisión dunha infracción en materia de seguridade vial que levaba aparelhada sanción de multa e perda de puntos do carné de conducir.

O motivo polo que anula e revoca a resolución é que a pesar das pesquisas realizadas polo Xulgado, instadas pola parte recorrente, non resultou posible identificar ao titular do DNI consignado na certificación de Correos que en teoría acredita a recepción do requerimento de identificación, posto que o DNI consignado non existe como certificou a Policía Nacional.

A maiores advirte que neste suposto a diferenza doutros nos que tamén se facilita a identificación do condutor infractor fora do prazo concedido, non se considerou esta identificación extemporánea xunto coa retroacción das actuacións, práctica que considera disconforme a dereito, resultando aínda máis disconforme cando se utiliza esta posibilidade nalgunhas ocasións e noutras non.

A sentenza que é firme non contén un pronunciamento sobre as custas debido as dúbidas xeradas pola certificación postal que figuraba no expediente.

Debe coñecer o resolto a Área de Seguridade e a de Recadación Executiva.

18.- Contencioso. Expediente nº 15497/111

Sentenza nº 68 do 31 de maio de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 29/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da solicitude de data 19/01/2021 relacionada con expedientes sancionadores por supostas infraccións de tráfico (por importe principal de 100,00 Eur e 300,00 Eur).

Expte(s): 299136/ 280, 299875/280 e 177802/700

A sentenza, firme, desestima o recurso ao considerar que as notificacións foron practicadas no domicilio que figuraba no rexistro da Xefatura Xeral de Tráfico, Padrón Municipal e como domicilio fiscal con resultado de descoñecido e cal foi ratificado no xuízo pola notificadora que indicou que lle manifestaban que non vivía alí. Polo que ao non poderse practicar a notificación persoal resulta procedente a edictal, tal e como se realizou.

Debe coñecer o resolto o servizo de Seguridade.

19.- Contencioso. Expediente nº 15547/111

Sentenza nº 127 do 25 de maio de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 44/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 22/09/2022, desestimatoria de recurso de reposición formulado contra o expediente sancionador nº 2021/60456

Expte(s): 299758/280

Contía: 200,00 €

A sentenza, firme, desestima o recurso con imposición de custas para a demandante (100 €) ao considerar que no vehículo non figuraba a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade e sen que isto resultase desvirtuado polas fotografías achegadas en sede xudicial logo que polas súas características non se corresponden coas do lugar e data de comisión da infracción ; e é mais considéranse manipuladas.

Debe coñecer o resolto o servizo de Seguridade.

20.- Contencioso. Expediente nº 15537/111  
Sentenza nº 79 do 16 de xuño de 2023  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 35/2023  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Resolución do TEA do Concello de Vigo de data 21/11/2022 desestimatoria da reclamación formulada fronte á desestimación do recurso presentado contra o embargo practicado.  
Expte(s): 5615/550, 177933/700 e 299704/280

A sentenza desestima o recurso presentado e declara conformes ao ordenamento xurídico as resolucións recorridas:

- o acordo do T.E.A. (expte 5615/550) que desestimou a reclamación económica administrativa interposta contra a desestimación do recurso de reposición (expte 144982/700) contra dilixencia de embargo en relación cunha sanción de tráfico de 200 euros ( expte 2020/74078) e
- a desestimación por silencio do recurso fronte a providencia de apremio relativa a outra sanción de tráfico de 300 euros ( expte 2020/88230)

E confirma as resolucións sancionadoras recaídas nos exptes sancionadores en materia de tráfico nos que se impuxeron as multas (exptes 2020/4078 e 2020/88230) nos que se alegaba defecto na práctica das notificacións.

A sentenza que é firme impón as costas a parte actora co límite máximo de 200 euros.

Deben coñecer o resolto o Tribunal Económico Administrativo e a Oficina de Tesourería- Recadación Executiva.

21.- Contencioso. Expediente nº 15750/111  
Auto nº 48 do 29 de maio de 2023  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 87/2023  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Acordo do 30/12/2022 do TE-A, que resolveu desestimar reclamación económico administrativa contra desestimación de recurso de reposición contra dilixencia de embargo por sanción de tráfico de 900 € de importe principal  
Expte(s): 5697/550 e 166424/700  
Contía: 1.095,12 €



## Concello de Vigo

O auto, firme, declara terminado o procedemento por recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da parte recorrente logo de oír ás partes, archiva as actuacións e devolve o expediente administrativo 166424-700 á administración demandada.

Debe coñecer o resolto a Área de Seguridade.

22.- Contencioso. Expediente nº 15480/111

Sentenza nº 84 do 21 de xuño de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 10/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Acordo do TE-A de data 17/02/2022, desestimatorio da solicitude de rectificación e devolución do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana

Expte(s): 5570/550 e 66813/514

Contía: 8.599,00 €

A sentenza, recorrible en casación, estima o recurso presentado contra o acordo do TEC (expte 5570/550) que desestimou a reclamación económica administrativa fronte á desestimación da solicitude de rectificación e devolución de ingresos indebidos polo imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de natureza urbana por tres inmobles (expte 66813/514), que anula así como as liquidacións practicadas ordenando a súa devolución xunto cos intereses legais que correspondan.

A sentenza non contén un pronunciamento en custas.

23.- Contencioso. Expediente nº 15558/111

Sentenza nº 134 do 25 de maio de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 46/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do TEA do 25-11-2022 desestimatoria da reclamación económico-administrativa, formula contra a desestimación do recurso de reposición presentado contra a dilixencia de embargo relacionada co IVTM dos exercicios 2012 e 2014.

Expte(s): 5524/550 e 177928/700

Contía: 123,40 €

A sentenza, firme, estima o recurso (sen custas) por considerar que existen 2 intentos de notificación con resultado descoñecido e posterior publicación no BOE se ben noutros intentos de notificación xa era coñecido e consta que se atopa ausente polo que entendese que existe unha certa descoordinación na xestión dos apremios e, en consecuencia, declárase a prescrición do dereito a exixir o pagamento da débeda.

Deben coñecer o resolto a Recadación Executiva, o TEA e o servizo de Tributos.

24.- Contencioso. Expediente nº 15530/111

Sentenza nº 148 do 1 de xuño de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 37/2023

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Inactividade administrativa derivada da desestimación da reclamación formulada para esixir o exercicio das súas competencias en materia de conservación e mantemento do servizo de pavimentación e rede de sumidoiros, do espazo público colindante coa fachada posterior do edificio sito na rúa Tomás Alonso nº 185

Expte(s): 50329/446

Contía: Indeterminada

Sentenza pola que se inadmite o recurso contencioso administrativo interposto contra inactividade do Concello de Vigo no exercicio das competencias propias en materia de conservación de pavimento e sumidoiros no espazo público existente na parte posterior do edificio sito na rúa Tomás Alonso 185. As causas de inadmisión son: o non axuste ao art. 29.1 da LXCA por canto non concorren no presente caso os presupostos necesarios para admitir a demanda, o Concello de Vigo non está obrigado a efectuar esa actuación concreta da actora, non hai neste caso unha total deixación de funcións por parte do Concello de Vigo e falta o acto de aplicación da lei que sirva de soporte á reclamación da actora. Cabe recurso de apelación.

Darase traslado de dita resolución aos servizos municipais de Fomento, Conservación, e Parques, Montes e Xardíns co fin do seu coñecemento.

25.- Contencioso. Expediente nº 13584/111

Sentenza nº 472 do 7 de xuño de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Ordinario: 309/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Resolución do 14/04/2021 do xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar pola que se aproban as liquidacións nº 134-2021 cofinanzamento Escola Infantil da rúa Palencia e nº 135-2021 cofinanzamento da Escola Infantil de Valadares correspondentes á metade da contía anual do ano 2021

Contía: 99.000,00 €

Considera esta Sentenza, que non é aínda firme, pero contra a que só é posible interpoñer recurso de casación, que as escolas infantís na Comunidade Autónoma de Galicia non son centros educativos, senón centros de menores e de atención á infancia.

O pronunciamento recolle que encaixan como servizos sociais os prestados nelas, e resolve desestimando o recurso promovido polo Concello e todos os seus pedimentos con base na aplicación de lexislación dos servizos sociais e nas sentenzas dos anteriores conexas relativos aos centros de día.

O Servizo de Educación e a Área de Servizos Sociais deben coñecer o resolto.

26.- Contencioso. Expediente nº 15475/111

Decreto nº 58 do 26 de xuño de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7047/2023

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución da Alcaldía do 31/10/2022 que fixa os servizos mínimos a manter durante a folga convocada





## Concello de Vigo

Esta resolución acorda o desistimento da parte apelante (VITRASA), na peza separada de medidas cautelarísimas cuxo resultado impugnara, e conforme ao dereito á disposición da acción, se resolve o desistimento.

O procedemento de orixe desta peza de cautelares é o preito especial de dereitos fundamentais 326/2022, no que se impugnarón dúas resolucións que estableceron os servizos mínimos (31/10/2022 e 25/11/2022) durante a folga convocada no servizo de transporte, e que afectaba á contratista do servizo. Posteriormente substituído por outra resolución, obxecto doutro recurso (DF 50/2023, XCA nº 2 de Vigo).

O Servizo de Transportes debe coñecer do resolto.

### B) RESOLUCIÓN DITADAS NA ORDE XURISDICIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 15618/111

Sentenza nº 241 do 23 de maio de 2023

Xulgado do Social nº 1 de Vigo

Ordinario: 163/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Reclamación do dereito ao incentivo de xubilación anticipada

Contía: 4.808,10 €

A sentenza que se está a comunicar non é firme, e resolve o asunto con resultado desestimatorio para o traballador demandante.

O actor (empregado municipal) interpuxo unha demanda contra a desestimación da súa solicitude para percibir o incentivo/premio á xubilación previsto no Acordo regulador/convenio colectivo do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

A sentenza comparte fundamentación coa precedente deste mesmo Xulgado e ditada no P.O. 131/2023, no senso de que, acreditada a equiparación en estrutura e conceptos salariais entre o persoal laboral e funcionario, esta cuestión xa consta resolta polo TS.

A natureza retributiva destes premios ou incentivos á xubilación impiden a súa percepción conforme a dereito, tanto para o persoal funcionario como para o laboral municipal, pola equiparación anteriormente citada.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

2.- Social. Expediente nº 15620/111

Sentenza nº 260 do 8 de xuño de 2023

Xulgado do Social nº 2 de Vigo

Ordinario: 160/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Reclamación de recoñecemento do dereito ao incentivo de xubilación anticipada.

Expte(s): 39499/220

Contía: 4.808,10 €

Esta sentenza, que non é firme, absolve ao Concello e desestima a demanda interposta, en reclamación da cantidade que o convenio colectivo do Concello recolle nos supostos de xubilación anticipada.

A resolución asume a motivación das ditadas polo Xulgado do Social nº 1 de Vigo en asuntos idénticos e que conclúen que no Concello de Vigo, ao atoparse equiparada a estrutura salarial de funcionarios e laborais, e resolver o TS que estes premios ou incentivos á xubilación teñen natureza salarial, non procede a súa percepción, en aplicación do principio de primacía da norma legal sobre o acordo convencional.

Non é firme e contra a mesma cabe recurso de suplicación.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

## **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**I.** Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

**II.** Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

**III.** Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

**IV.** Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

**V.** E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto



## Concello de Vigo

nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

### PROPOSTA DE ACORDO

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(624).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DO TACGAL RECAÍDA NO RECURSO Nº 107/2023, INTERPOSTO POR QUIRÓN PREVENCIÓN SL CONTRA O ACORDO DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN TITULADA “A PRESTACIÓN DA ESPECIALIDADE DE VIXILANCIA DA SAÚDE DE TODO O PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 1533/2202.**

Dáse conta do informe-proposta de data 20/07/2023, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte

1º Tomar razón da Resolución nº 126/2023 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 107/2023, interposto por QUIRÓN PREVENCIÓN SL contra o acordo de adxudicación da contratación titulada “A prestación da especialidade de Vixilancia da Saúde de todo o persoal do Concello de Vigo”, expediente 1533-2202. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Desestimar o recurso interposto por QUIRÓN PREVENCIÓN SL contra o acordo de adxudicación, de data 11.05.2023, na contratación titulada “A prestación da especialidade de vixilancia da saúde de todo o persoal do Concello de Vigo”, expediente 1533-2202 dese Concello.
2. Levantar a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP .
3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación e continuar coa tramitación do mesmo.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(625).- REVISIÓN DE TARIFAS, SOLICITADO POR MQA NAVIA S.L.U, EN RELACIÓN Á XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO MEDIANTE CONCESIÓN DA CONSTRUCCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO NOVO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE NAVIA. EXPTE. 22880/333.**

Visto o informe xurídico do 23/06/2023 e o informe de fiscalización do 27/07/2023, dáse conta do informe-proposta de data 16/06/2023, asinado polo xefe de Área de Inversións, concelleiro-delegado da Área de Fomento e Servizos e polo concelleiro de Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- Antecedentes:**

1.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión extraordinaria e urxente do 8 de agosto de 2013, acorda a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a contratación da a xestión de servizos públicos con execución de obra, na modalidade de Concesión para o novo complexo deportivo de Navia.

2.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de 22 de novembro de 2013, acordou adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L, o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12242-333) por un prazo concesional de 49 anos.

3.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 7 de marzo de 2014 acordou:

*“1º.- Tomar razón da constitución da sociedade MQA NAVIA, S.L., por parte da empresa CIVIS GLOBAL, S.L., adxudicataria do procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12242-333), co obxecto de ser a titular desta concesión.*

*2º.- Autorizar a formalización do contrato de xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia coa sociedade MQA NAVIA, S.L.”.*



## Concello de Vigo

4.- Posteriormente formalizouse o contrato coa sociedade concesionaria *MQA NAVIA, S.L.*, en escritura pública de data 10 de abril de 2014.

5.- A acta de replanteo para o inicio da obra é de data 21 de maio de 2014, que tal como se establece no apartado a) da cláusula 9ª do Prego de condicións, será a referencia a ter en conta na primeira revisión do IPC.

### **II.- Revisións de prezos aprobadas pola Xunta de Goberno Local:**

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de 31 de agosto de 2017, acordou aprobar a revisión de tarifas do contrato de xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo Complexo polideportivo de Navia. (Expte 16330/333)

2.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 24 de agosto de 2018, acordou aprobar a revisión de tarifas do contrato de xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo Complexo polideportivo de Navia (Expte. 17567-333).

3.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 30 de agosto de 2019, acordou aprobar a revisión de tarifas do contrato de xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo Complexo polideportivo de Navia (Expte. 18825-333).

4.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 20 de agosto de 2021, acordou aprobar a revisión de tarifas do contrato de xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo Complexo polideportivo de Navia (Expte. 20695-333).

5.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 14 de xullo de 2022, acordou aprobar a revisión de tarifas do contrato de xestión do servizo público mediante construción, xestión e explotación do novo Complexo polideportivo de Navia (Expte. 21668-333).

### **3.- CÁLCULOS PARA A REVISIÓN DOS PREZOS:**

A mercantil MQA NAVIA S.L.U, presenta escrito vía Rexistro Xeral (nº de entrada 230166334 de data 14/06/23), coa solicitude de incremento ordinario de tarifas indicando:

a.- Que o prego de condición administrativas establece no seu artigo 9.a a revisión de tarifas, e no mesmo identificase o proceso de revisión de acordo co seguinte contido:

*As tarifas propostas polo licitador adxudicatario, poderán ser revisadas anualmente en función das variacións que experimente o IPC ó consumo do conxunto nacional ou índice que o substitúa, sempre que o concesionario ó solicite. Dita revisión en relación o IPC non poderá superar o 85 % da variación experimentada polo IPC do período a aplicar..”*

*A primeira revisión, terá a súa aplicación, unha vez transcorrido un ano desde o inicio da prestación do servizo, e para esta primeira revisión poderá ser de aplicación a variación experimentada polo IPC dende a data da acta de replanteo para o inicio da obra, ata a data de revisión. As revisións posteriores terán como referencia unicamente o período dun ano.*

b.- Que o período de revisión o establece para “maio 2022 a maio 2023” e unha variación do IPC do 3,2%.

### **3.1.- Calculo do IPC:**

Vista a solicitude presentada con data 14/06/2023 pola empresa MQA NAVIA S.L.U,, debese indicar que as revisións de prezos veñen desenvolvéndose co calculo do IPC tendo en conta a última revisión. Así a última revisión efectuada correspóndese co expediente 21668-333, no cal o índice do IPC utilizado foi para o período -maio 2021/maio 2022, polo cal a revisión proposta para este expediente debe ser actualizada en función do da variación do IPC para o período - maio 2022 a maio 2023-, que corresponde cunha variación do 3,2 %



Concello de Vigo

# INE

Instituto Nacional de Estadística



Productos y Servicios / Cálcul... / **¿Cuánto ha variado el IPC desde...?**

Tabla

### Cálculo de variaciones del Índice de Precios de Consumo (sistema IPC base 2021)

Variación del Índice General Nacional según el sistema IPC base 2021 desde **Mayo de 2022** hasta **Mayo de 2023**

Índice	Porcentaje(%)
Nacional	3,2

El método utilizado para el cálculo de las tasas de variación del IPC se describe en la metodología Preguntas frecuentes sobre el IPC

Á vista da variación do IPC segundo o certificado polo INE para o período – maio 2022/maio 2023, procede aplicar o indicado na cláusula 9.a do PCAP que establece que “*dita revisión en relación o IPC non poderá superar o 85 % da variación experimentada polo IPC do período a aplicar..*”, e en base á solicitude establécese o seguinte cadro coa revisión do IPC redondeando os importes. Así, o novo cadro de tarifas (anexo I) contempla unha revisión con unha media de 2,72%, co coeficiente corrector do 85%.

Taboa 1.- Actualización IPC período maio 2022 a maio 2023

Concepto	Tarifa final redondeada	Tarifa actual sin IVE	Tarifa + IPC a malo 2023 s/ive 3,2 %	Coficiente corrector 85%	Nova tarifa sen IVE	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
Abonado Joven	28,10 €	23,22 €	0,74 €	0,63 €	23,85 €	28,86 €	28,85 €
Abonado > 60 años	25,30 €	20,91 €	0,67 €	0,57 €	21,48 €	25,99 €	26,00 €
Abonado Matinal	21,40 €	17,69 €	0,57 €	0,48 €	18,17 €	21,99 €	22,00 €
Abono Matinal mediodía	24,75 €	20,45 €	0,65 €	0,55 €	21,00 €	25,41 €	25,40 €
Abonado Individual	40,85 €	33,76 €	1,08 €	0,92 €	34,68 €	41,96 €	41,95 €
Abonado Familiar Titular	42,20 €	34,88 €	1,12 €	0,95 €	35,83 €	43,35 €	43,35 €
Abonado Familiar Conyuge/Hijos < 14 años *	10,10 €	8,35 €	0,27 €	0,23 €	8,58 €	10,38 €	10,40 €
Abonado Discapacitado	21,40 €	17,69 €	0,57 €	0,48 €	18,17 €	21,99 €	22,00 €
Abono fin de semana	21,40 €	17,69 €	0,57 €	0,48 €	18,17 €	21,99 €	22,00 €
Abno Padel	28,10 €	23,22 €	0,74 €	0,63 €	23,85 €	28,86 €	28,85 €
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S 45 min (abonado)	9,40 €	7,77 €	0,25 €	0,21 €	7,98 €	9,66 €	9,65 €
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S 45 min (no abonado)	18,70 €	15,45 €	0,49 €	0,42 €	15,87 €	19,20 €	19,20 €

Taboa 1.- Actualizacion IPC periodo maio 2022 a maio 2023

Concepto	Tarifa final redondeada	Tarifa actual sin IVE	Tarifa + IPC a malo 2023 s/ive 3,2 %	Coefficiente corrector 85%	Nova tarifa sen IVE	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S 60 min (abonado)	12,50 €	10,33 €	0,33 €	0,28 €	10,61 €	12,84 €	12,85 €
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S 60 min (no abonado)	24,95 €	20,62 €	0,66 €	0,56 €	21,18 €	25,63 €	25,65 €
Curso piscina AF auga >60 años (abonado)	5,95 €	4,92 €	0,16 €	0,14 €	5,06 €	6,12 €	6,10 €
Curso piscina AF auga > 60 años (no abonado)	11,75 €	9,71 €	0,31 €	0,26 €	9,97 €	12,06 €	12,05 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S (abonado)	7,45 €	6,16 €	0,20 €	0,17 €	6,33 €	7,66 €	7,65 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S (no abonado)	15,05 €	12,44 €	0,40 €	0,34 €	12,78 €	15,46 €	15,45 €
Natacion Escolar (cuatrimestral ANPAS)	49,45 €	40,87 €	1,31 €	1,11 €	41,98 €	50,80 €	50,80 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S 45 min (abonados)	9,40 €	7,77 €	0,25 €	0,21 €	7,98 €	9,66 €	9,65 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S 45 min (no abonados)	18,70 €	15,45 €	0,49 €	0,42 €	15,87 €	19,20 €	19,20 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S 60 min (abonados)	12,50 €	10,33 €	0,33 €	0,28 €	10,61 €	12,84 €	12,85 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S 60 min (no abonados)	24,95 €	20,62 €	0,66 €	0,56 €	21,18 €	25,63 €	25,65 €
Entrada libre piscina Adultos	4,25 €	3,51 €	0,11 €	0,09 €	3,60 €	4,36 €	4,35 €
Entrada libre piscina Menores	2,80 €	2,31 €	0,07 €	0,06 €	2,37 €	2,87 €	2,85 €
Entrada libre sala fitness Adultos	4,25 €	3,51 €	0,11 €	0,09 €	3,60 €	4,36 €	4,35 €
Entrada libre sala fitness Menores	2,80 €	2,31 €	0,07 €	0,06 €	2,37 €	2,87 €	2,85 €
Entrada libre completa incluído SPA	14,05 €	11,61 €	0,37 €	0,31 €	11,92 €	14,42 €	14,40 €
Adiestramientos específicos personalizados mensual (abonados)	22,45 €	18,55 €	0,59 €	0,50 €	19,05 €	23,05 €	23,05 €
Personal Training 1 sesion (abonados)	31,45 €	25,99 €	0,83 €	0,71 €	26,70 €	32,31 €	32,30 €
Personal Training 1 sesion (no abonados)	45,05 €	37,23 €	1,19 €	1,01 €	38,24 €	46,27 €	46,25 €
Personal Training 5 sesiones (abonados)	146,10 €	120,74 €	3,86 €	3,28 €	124,02 €	150,06 €	150,05 €
Personal Training 5 sesiones (no abonados)	202,35 €	167,23 €	5,35 €	4,55 €	171,78 €	207,85 €	207,85 €
Valoracion funcional (abonados)	22,45 €	18,55 €	0,59 €	0,50 €	19,05 €	23,05 €	23,05 €
Valoracion funcional (no abonados)	33,65 €	27,81 €	0,89 €	0,76 €	28,57 €	34,57 €	34,55 €
Alquiler toalla pequena por acceso	0,95 €	0,79 €	0,03 €	0,03 €	0,82 €	0,99 €	1,00 €
Alquiler toalla grande por acceso	1,05 €	0,87 €	0,03 €	0,03 €	0,90 €	1,09 €	1,10 €
Bono mensual toalla pequena (1 por acceso)	8,45 €	6,98 €	0,22 €	0,19 €	7,17 €	8,68 €	8,70 €
Bono mensual toalla grande (1 por acceso)	14,05 €	11,61 €	0,37 €	0,31 €	11,92 €	14,42 €	14,40 €
Alugueiro mensual de taquillas	7,30 €	6,03 €	0,19 €	0,16 €	6,19 €	7,49 €	7,50 €
Alugueiro 1 calle piscina 1 h	25,30 €	20,91 €	0,67 €	0,57 €	21,48 €	25,99 €	26,00 €
Alugueiro 1 sala de actividades 1 h	25,30 €	20,91 €	0,67 €	0,57 €	21,48 €	25,99 €	26,00 €
Fianza carné usuario (abonados y cursillistas)	4,20 €	3,47 €	0,11 €	0,09 €	3,56 €	4,31 €	4,30 €
Perdida del carné usuario (a partir 2º carné)	4,20 €	3,47 €	0,11 €	0,09 €	3,56 €	4,31 €	4,30 €
Perdida chave taquilla	4,20 €	3,47 €	0,11 €	0,09 €	3,56 €	4,31 €	4,30 €
Exceder el tempo de utilización da instalación	4,20 €	3,47 €	0,11 €	0,09 €	3,56 €	4,31 €	4,30 €
Devolución bancaria	1,65 €	1,36 €	0,04 €	0,03 €	1,39 €	1,68 €	1,70 €
<b>Gabinete de masaxes</b>							
Sesión de 1 hora (abonados)	25,85 €	21,36 €	0,68 €	0,58 €	21,94 €	26,55 €	26,55 €
Sesión de 1 hora (no abonados)	30,35 €	25,08 €	0,80 €	0,68 €	25,76 €	31,17 €	31,15 €





## Concello de Vigo

Taboa 1.- Actualización IPC período maio 2022 a maio 2023

Concepto	Tarifa final redondeada	Tarifa actual sin IVE	Tarifa + IPC a malo 2023 s/ive 3,2 %	Coefficiente corrector 85%	Nova tarifa sen IVE	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
Sesión de 1/2 hora (abonados)	15,75 €	13,02 €	0,42 €	0,36 €	13,38 €	16,19 €	16,20 €
Sesión de 1/2 hora (no abonados)	20,20 €	16,69 €	0,53 €	0,45 €	17,14 €	20,74 €	20,75 €
<u>Gabinete de nutrición</u>							
Programa control de peso, dieta equilibrada e actividade física (abonados)	56,20 €	46,45 €	1,49 €	1,27 €	47,72 €	57,74 €	57,75 €
Programa control de peso, dieta equilibrada y actividade física (no abonados)	67,45 €	55,74 €	1,78 €	1,51 €	57,25 €	69,27 €	69,25 €
Programa mensual mantemento (abonados)	28,10 €	23,22 €	0,74 €	0,63 €	23,85 €	28,86 €	28,85 €
Programa mensual mantemento (no abonados)	33,65 €	27,81 €	0,89 €	0,76 €	28,57 €	34,57 €	34,55 €
Consulta individual (abonados)	22,45 €	18,55 €	0,59 €	0,50 €	19,05 €	23,05 €	23,05 €
Consulta individual (no abonados)	33,65 €	27,81 €	0,89 €	0,76 €	28,57 €	34,57 €	34,55 €
<u>Padel</u>							
Reserva pista de padel 1h (hora valle - abonado padel)	2,80 €	2,31 €	0,07 €	0,06 €	2,37 €	2,87 €	2,85 €
Reserva pista de padel 1h (hora valle - abonado navial)	10,65 €	8,80 €	0,28 €	0,24 €	9,04 €	10,94 €	10,95 €
Reserva pista de padel 1h (hora valle - resto usuarios)	11,75 €	9,71 €	0,31 €	0,26 €	9,97 €	12,06 €	12,05 €
Reserva pista de padel 1h (hora punta - abonado padel)	7,85 €	6,49 €	0,21 €	0,18 €	6,67 €	8,07 €	8,05 €
Reserva pista de padel 1h (hora punta - abonado navial)	13,50 €	11,16 €	0,36 €	0,31 €	11,47 €	13,88 €	13,90 €
Reserva pista de padel 1h (hora punta - resto usuarios)	14,65 €	12,11 €	0,39 €	0,33 €	12,44 €	15,05 €	15,05 €
Reserva pista de padel 1/2h (hora valle - abonado padel)	1,65 €	1,36 €	0,04 €	0,03 €	1,39 €	1,68 €	1,70 €
Reserva pista de padel 1/2h (hora valle - abonado navial)	2,25 €	1,86 €	0,06 €	0,05 €	1,91 €	2,31 €	2,30 €
Reserva pista de padel 1/2h (hora valle - resto usuarios)	6,75 €	5,58 €	0,18 €	0,15 €	5,73 €	6,93 €	6,95 €
Reserva pista de padel 1/2h (hora punta - abonado padel)	3,85 €	3,18 €	0,10 €	0,09 €	3,27 €	3,96 €	3,95 €
Reserva pista de padel 1/2h (hora punta - abonado navial)	6,75 €	5,58 €	0,18 €	0,15 €	5,73 €	6,93 €	6,95 €
Reserva pista de padel 1/2h (hora punta - resto usuarios)	6,75 €	5,58 €	0,18 €	0,15 €	5,73 €	6,93 €	6,95 €
Suplemento luz (indep tempo)	2,70 €	2,23 €	0,07 €	0,06 €	2,29 €	2,77 €	2,75 €
Curso padel mensual (1h) adulto (abonado)	33,65 €	27,81 €	0,89 €	0,76 €	28,57 €	34,57 €	34,55 €
Curso padel mensual (1h) adulto (no abonado)	56,20 €	46,45 €	1,49 €	1,27 €	47,72 €	57,74 €	57,75 €
Curso padel mensual (1h) infantil (abonado)	28,10 €	23,22 €	0,74 €	0,63 €	23,85 €	28,86 €	28,85 €
Curso padel mensual (1h) infantil (no abonado)	50,50 €	41,74 €	1,34 €	1,14 €	42,88 €	51,88 €	51,90 €
Bono clases padel 5 h (1 persoa)	168,60 €	139,34 €	4,46 €	3,79 €	143,13 €	173,19 €	173,20 €
Bono clases padel 5 h (2 persoa)	191,10 €	157,93 €	5,05 €	4,29 €	162,22 €	196,29 €	196,30 €
Bono clases padel 5 h (3 persoa)	196,70 €	162,56 €	5,20 €	4,42 €	166,98 €	202,05 €	202,05 €
Bono clases padel 5 h (4 persoa)	213,60 €	176,53 €	5,65 €	4,80 €	181,33 €	219,41 €	219,40 €
Inscripción torneo	18,00 €	14,88 €	0,48 €	0,41 €	15,29 €	18,50 €	18,50 €
Alugueiro pala	2,10 €	1,74 €	0,06 €	0,05 €	1,79 €	2,17 €	2,15 €
<u>Ludoteca</u>							
1 h ludoteca puntual (abonados)	3,35 €	2,77 €	0,09 €	0,08 €	2,85 €	3,45 €	3,45 €

Taboa 1.- Actualización IPC período maio 2022 a maio 2023

Concepto	Tarifa final redondeada	Tarifa actual sin IVE	Tarifa + IPC a malo 2023 s/ive 3,2 %	Coefficiente corrector 85%	Nova tarifa sen IVE	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
1 h ludoteca puntual (no abonados)	4,45 €	3,68 €	0,12 €	0,10 €	3,78 €	4,57 €	4,55 €
Bonos hora ludoteca 5 h (abonados)	15,75 €	13,02 €	0,42 €	0,36 €	13,38 €	16,19 €	16,20 €
Bonos hora ludoteca 5 h (no abonados)	20,20 €	16,69 €	0,53 €	0,45 €	17,14 €	20,74 €	20,75 €
Bonos hora ludoteca 10 h (abonados)	30,35 €	25,08 €	0,80 €	0,68 €	25,76 €	31,17 €	31,15 €
Bonos hora ludoteca 10 h (no abonados)	40,45 €	33,43 €	1,07 €	0,91 €	34,34 €	41,55 €	41,55 €
Ludo auga / ludosala (tarifa mensual 1 h semana en ludoteca)- abonados	10,10 €	8,35 €	0,27 €	0,23 €	8,58 €	10,38 €	10,40 €
Ludo auga / ludosala (tarifa mensual 1 h semana en ludoteca)- no abonados	19,05 €	15,74 €	0,50 €	0,43 €	16,17 €	19,57 €	19,55 €
<b>Parking</b>							
Tarifa parking abonados a partir del minuto 91	0,01 €	0,01 €	- €	- €	0,01 €	0,02 €	0,02 €
Tarifa parking otros usuarios	0,01 €	0,01 €	- €	- €	0,01 €	0,02 €	0,02 €

#### IV.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA REVISIÓN DE PREZOS:

1.- A competencia para a aprobación da revisión de prezos correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo.

2.- O período correspondente ao calculo da variación do IPC correspóndese ao período maio 2022 (ultimo índice utilizado para a revisión) a maio 2023. Sendo este igual a un 3,2 % e para o calculo se deberá utilizar un coeficiente corrector para establecer o 85%.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Autorizar a revisión das tarifas pola entrada e uso así como polas actividades complementarias que se presten nas instalacións MQA NAVIA de acordo coa cláusula nº 9.a do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual maio 2022- maio 2023, fixada no 3,2 %, cun coeficiente corrector do 85%.

**Segundo:** As tarifas esixibles aos usuarios, en virtude do establecido no parágrafo precedente, axustaranse por redondeo ao alza ou á baixa ao máis próximo múltiplo da fracción 5/100.

**Terceiro:** Aprobar a nova táboa de tarifas para os servizos que se prestan nas instalacións MQA NAVIA, segundo os importes indicados no anexo I (tarifa final redondeada).

#### **ANEXO I:**



## Concello de Vigo

Taboa 1.- Actualizacion IPC periodo maio 2022 a maio 2023

Concepto	Tarifa final redondeada	Tarifa actual sin IVE	Tarifa + IPC a malo 2023 s/ive 3,2 %	Coficiente corrector 85%	Nova tarifa sen IVE	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
Abonado Joven	28,10 €	23,22 €	0,74 €	0,63 €	23,85 €	28,86 €	28,85 €
Abonado > 60 años	25,30 €	20,91 €	0,67 €	0,57 €	21,48 €	25,99 €	26,00 €
Abonado Matinal	21,40 €	17,69 €	0,57 €	0,48 €	18,17 €	21,99 €	22,00 €
Abono Matinal mediodia	24,75 €	20,45 €	0,65 €	0,55 €	21,00 €	25,41 €	25,40 €
Abonado Individual	40,85 €	33,76 €	1,08 €	0,92 €	34,68 €	41,96 €	41,95 €
Abonado Familiar Titular	42,20 €	34,88 €	1,12 €	0,95 €	35,83 €	43,35 €	43,35 €
Abonado Familiar Conyuge/Hijos < 14 años *	10,10 €	8,35 €	0,27 €	0,23 €	8,58 €	10,38 €	10,40 €
Abonado Discapacitado	21,40 €	17,69 €	0,57 €	0,48 €	18,17 €	21,99 €	22,00 €
Abono fin de semana	21,40 €	17,69 €	0,57 €	0,48 €	18,17 €	21,99 €	22,00 €
Abno Padel	28,10 €	23,22 €	0,74 €	0,63 €	23,85 €	28,86 €	28,85 €
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S 45 min (abonado)	9,40 €	7,77 €	0,25 €	0,21 €	7,98 €	9,66 €	9,65 €
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S 45 min (no abonado)	18,70 €	15,45 €	0,49 €	0,42 €	15,87 €	19,20 €	19,20 €
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S 60 min (abonado)	12,50 €	10,33 €	0,33 €	0,28 €	10,61 €	12,84 €	12,85 €
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S 60 min (no abonado)	24,95 €	20,62 €	0,66 €	0,56 €	21,18 €	25,63 €	25,65 €
Curso piscina AF auga >60 años (abonado)	5,95 €	4,92 €	0,16 €	0,14 €	5,06 €	6,12 €	6,10 €
Curso piscina AF auga > 60 años (no abonado)	11,75 €	9,71 €	0,31 €	0,26 €	9,97 €	12,06 €	12,05 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S (abonado)	7,45 €	6,16 €	0,20 €	0,17 €	6,33 €	7,66 €	7,65 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S (no abonado)	15,05 €	12,44 €	0,40 €	0,34 €	12,78 €	15,46 €	15,45 €
Natacion Escolar (cuatrimestral ANPAS)	49,45 €	40,87 €	1,31 €	1,11 €	41,98 €	50,80 €	50,80 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S 45 min (abonados)	9,40 €	7,77 €	0,25 €	0,21 €	7,98 €	9,66 €	9,65 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S 45 min (no abonados)	18,70 €	15,45 €	0,49 €	0,42 €	15,87 €	19,20 €	19,20 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S 60 min (abonados)	12,50 €	10,33 €	0,33 €	0,28 €	10,61 €	12,84 €	12,85 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S 60 min (no abonados)	24,95 €	20,62 €	0,66 €	0,56 €	21,18 €	25,63 €	25,65 €
Entrada libre piscina Adultos	4,25 €	3,51 €	0,11 €	0,09 €	3,60 €	4,36 €	4,35 €
Entrada libre piscina Menores	2,80 €	2,31 €	0,07 €	0,06 €	2,37 €	2,87 €	2,85 €
Entrada libre sala fitness Adultos	4,25 €	3,51 €	0,11 €	0,09 €	3,60 €	4,36 €	4,35 €
Entrada libre sala fitness Menores	2,80 €	2,31 €	0,07 €	0,06 €	2,37 €	2,87 €	2,85 €
Entrada libre completa incluído SPA	14,05 €	11,61 €	0,37 €	0,31 €	11,92 €	14,42 €	14,40 €
Adiestramientos especificos personalizados mensual (abonados)	22,45 €	18,55 €	0,59 €	0,50 €	19,05 €	23,05 €	23,05 €
Personal Training 1 sesion (abonados)	31,45 €	25,99 €	0,83 €	0,71 €	26,70 €	32,31 €	32,30 €
Personal Training 1 sesion (no abonados)	45,05 €	37,23 €	1,19 €	1,01 €	38,24 €	46,27 €	46,25 €
Personal Training 5 sesiones (abonados)	146,10 €	120,74 €	3,86 €	3,28 €	124,02 €	150,06 €	150,05 €
Personal Training 5 sesiones (no abonados)	202,35 €	167,23 €	5,35 €	4,55 €	171,78 €	207,85 €	207,85 €
Valoracion funcional (abonados)	22,45 €	18,55 €	0,59 €	0,50 €	19,05 €	23,05 €	23,05 €
Valoracion funcional (no abonados)	33,65 €	27,81 €	0,89 €	0,76 €	28,57 €	34,57 €	34,55 €
Alquiler toalla pequena por acceso	0,95 €	0,79 €	0,03 €	0,03 €	0,82 €	0,99 €	1,00 €
Alquiler toalla grande por acceso	1,05 €	0,87 €	0,03 €	0,03 €	0,90 €	1,09 €	1,10 €
Bono mensual toalla pequena (1 por acceso)	8,45 €	6,98 €	0,22 €	0,19 €	7,17 €	8,68 €	8,70 €

Taboa 1.- Actualización IPC periodo maio 2022 a maio 2023

Concepto	Tarifa final redondeada	Tarifa actual sin IVE	Tarifa + IPC a malo 2023 s/ive 3,2 %	Coefficiente corrector 85%	Nova tarifa sen IVE	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
Bono mensual toalla grande (1 por acceso)	14,05 €	11,61 €	0,37 €	0,31 €	11,92 €	14,42 €	14,40 €
Alugueiro mensual de taquillas	7,30 €	6,03 €	0,19 €	0,16 €	6,19 €	7,49 €	7,50 €
Alugueiro 1 calle piscina 1 h	25,30 €	20,91 €	0,67 €	0,57 €	21,48 €	25,99 €	26,00 €
Alugueiro 1 sala de actividades 1 h	25,30 €	20,91 €	0,67 €	0,57 €	21,48 €	25,99 €	26,00 €
Fianza carné usuario (abonados y cursillistas)	4,20 €	3,47 €	0,11 €	0,09 €	3,56 €	4,31 €	4,30 €
Perdida del carné usuario (a partir 2º carné)	4,20 €	3,47 €	0,11 €	0,09 €	3,56 €	4,31 €	4,30 €
Perdida chave taquilla	4,20 €	3,47 €	0,11 €	0,09 €	3,56 €	4,31 €	4,30 €
Exceder el tempo de utilización da instalación	4,20 €	3,47 €	0,11 €	0,09 €	3,56 €	4,31 €	4,30 €
Devolución bancaria	1,65 €	1,36 €	0,04 €	0,03 €	1,39 €	1,68 €	1,70 €
<u>Gabinete de masaxes</u>							
Sesión de 1 hora (abonados)	25,85 €	21,36 €	0,68 €	0,58 €	21,94 €	26,55 €	26,55 €
Sesión de 1 hora (no abonados)	30,35 €	25,08 €	0,80 €	0,68 €	25,76 €	31,17 €	31,15 €
Sesión de 1/2 hora (abonados)	15,75 €	13,02 €	0,42 €	0,36 €	13,38 €	16,19 €	16,20 €
Sesión de 1/2 hora (no abonados)	20,20 €	16,69 €	0,53 €	0,45 €	17,14 €	20,74 €	20,75 €
<u>Gabinete de nutrición</u>							
Programa control de peso, dieta equilibrada e actividade física (abonados)	56,20 €	46,45 €	1,49 €	1,27 €	47,72 €	57,74 €	57,75 €
Programa control de peso, dieta equilibrada e actividade física (no abonados)	67,45 €	55,74 €	1,78 €	1,51 €	57,25 €	69,27 €	69,25 €
Programa mensual mantemento (abonados)	28,10 €	23,22 €	0,74 €	0,63 €	23,85 €	28,86 €	28,85 €
Programa mensual mantemento (no abonados)	33,65 €	27,81 €	0,89 €	0,76 €	28,57 €	34,57 €	34,55 €
Consulta individual (abonados)	22,45 €	18,55 €	0,59 €	0,50 €	19,05 €	23,05 €	23,05 €
Consulta individual (no abonados)	33,65 €	27,81 €	0,89 €	0,76 €	28,57 €	34,57 €	34,55 €
<u>Padel</u>							
Reserva pista de padel 1h (hora valle - abonado padel)	2,80 €	2,31 €	0,07 €	0,06 €	2,37 €	2,87 €	2,85 €
Reserva pista de padel 1h (hora valle - abonado navial)	10,65 €	8,80 €	0,28 €	0,24 €	9,04 €	10,94 €	10,95 €
Reserva pista de padel 1h (hora valle - resto usuarios)	11,75 €	9,71 €	0,31 €	0,26 €	9,97 €	12,06 €	12,05 €
Reserva pista de padel 1h (hora punta - abonado padel)	7,85 €	6,49 €	0,21 €	0,18 €	6,67 €	8,07 €	8,05 €
Reserva pista de padel 1h (hora punta - abonado navial)	13,50 €	11,16 €	0,36 €	0,31 €	11,47 €	13,88 €	13,90 €
Reserva pista de padel 1h (hora punta - resto usuarios)	14,65 €	12,11 €	0,39 €	0,33 €	12,44 €	15,05 €	15,05 €
Reserva pista de padel 1/2h (hora valle - abonado padel)	1,65 €	1,36 €	0,04 €	0,03 €	1,39 €	1,68 €	1,70 €
Reserva pista de padel 1/2h (hora valle - abonado navial)	2,25 €	1,86 €	0,06 €	0,05 €	1,91 €	2,31 €	2,30 €
Reserva pista de padel 1/2h (hora valle - resto usuarios)	6,75 €	5,58 €	0,18 €	0,15 €	5,73 €	6,93 €	6,95 €
Reserva pista de padel 1/2h (hora punta - abonado padel)	3,85 €	3,18 €	0,10 €	0,09 €	3,27 €	3,96 €	3,95 €
Reserva pista de padel 1/2h (hora punta - abonado navial)	6,75 €	5,58 €	0,18 €	0,15 €	5,73 €	6,93 €	6,95 €
Reserva pista de padel 1/2h (hora punta - resto usuarios)	6,75 €	5,58 €	0,18 €	0,15 €	5,73 €	6,93 €	6,95 €
Suplemento luz (indep tempo)	2,70 €	2,23 €	0,07 €	0,06 €	2,29 €	2,77 €	2,75 €



## Concello de Vigo

Taboa 1.- Actualización IPC período maio 2022 a maio 2023

Concepto	Tarifa final redondeada	Tarifa actual sin IVE	Tarifa + IPC a malo 2023 s/ive 3,2 %	Coefficiente corrector 85%	Nova tarifa sen IVE	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
Curso padel mensual (1h) adulto (abonado)	33,65 €	27,81 €	0,89 €	0,76 €	28,57 €	34,57 €	34,55 €
Curso padel mensual (1h) adulto (no abonado)	56,20 €	46,45 €	1,49 €	1,27 €	47,72 €	57,74 €	57,75 €
Curso padel mensual (1h) infantil (abonado)	28,10 €	23,22 €	0,74 €	0,63 €	23,85 €	28,86 €	28,85 €
Curso padel mensual (1h) infantil (no abonado)	50,50 €	41,74 €	1,34 €	1,14 €	42,88 €	51,88 €	51,90 €
Bono clases padel 5 h (1 persoa)	168,60 €	139,34 €	4,46 €	3,79 €	143,13 €	173,19 €	173,20 €
Bono clases padel 5 h (2 persoa)	191,10 €	157,93 €	5,05 €	4,29 €	162,22 €	196,29 €	196,30 €
Bono clases padel 5 h (3 persoa)	196,70 €	162,56 €	5,20 €	4,42 €	166,98 €	202,05 €	202,05 €
Bono clases padel 5 h (4 persoa)	213,60 €	176,53 €	5,65 €	4,80 €	181,33 €	219,41 €	219,40 €
Inscripción torneo	18,00 €	14,88 €	0,48 €	0,41 €	15,29 €	18,50 €	18,50 €
Alugueiro pala	2,10 €	1,74 €	0,06 €	0,05 €	1,79 €	2,17 €	2,15 €
<b>Ludoteca</b>							
1 h ludoteca puntual (abonados)	3,35 €	2,77 €	0,09 €	0,08 €	2,85 €	3,45 €	3,45 €
1 h ludoteca puntual (no abonados)	4,45 €	3,68 €	0,12 €	0,10 €	3,78 €	4,57 €	4,55 €
Bonos hora ludoteca 5 h (abonados)	15,75 €	13,02 €	0,42 €	0,36 €	13,38 €	16,19 €	16,20 €
Bonos hora ludoteca 5 h (no abonados)	20,20 €	16,69 €	0,53 €	0,45 €	17,14 €	20,74 €	20,75 €
Bonos hora ludoteca 10 h (abonados)	30,35 €	25,08 €	0,80 €	0,68 €	25,76 €	31,17 €	31,15 €
Bonos hora ludoteca 10 h (no abonados)	40,45 €	33,43 €	1,07 €	0,91 €	34,34 €	41,55 €	41,55 €
Ludo auga / ludosala (tarifa mensual 1 h semana en ludoteca)- abonados	10,10 €	8,35 €	0,27 €	0,23 €	8,58 €	10,38 €	10,40 €
Ludo auga / ludosala (tarifa mensual 1 h semana en ludoteca)- no abonados	19,05 €	15,74 €	0,50 €	0,43 €	16,17 €	19,57 €	19,55 €
<b>Parking</b>							
Tarifa parking abonados a partir del minuto 91	0,01 €	0,01 €	- €	- €	0,01 €	0,02 €	0,02 €
Tarifa parking otros usuarios	0,01 €	0,01 €	- €	- €	0,01 €	0,02 €	0,02 €

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(626).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CLUB MARÍTIMO DE CANIDO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO TROFEO INTERNACIONAL DE VELA E PIRAGÜISMO 2023. EXPTE. 22460/333.**

Visto o informe xurídico do 29/06/2023 e o informe de fiscalización de data 18/07/2023, dáse conta do informe-proposta de data 27/06/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes, o a concelleira da Área de Goberno de emprego, fondos europeos, patrimonio, medio ambiente, educación, deportes e xuventude, e polo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 10.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4800007 a favor da entidade CLUB MARÍTIMO DE VIGO en relación á organización do evento deportivo TROFEO INTERNACIONAL DE VELA E PIRAGÜISMO 2023.

Esta actividade no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade de Vigo ser acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades organizadoras de eventos deportivos na cidade e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27.12.2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

En relación co anterior, a entidade presentou a documentación esixida coa proposta de celebración do evento deportivo e o seu proxecto fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e unha ampla difusión en medios de comunicación.

O gasto global derivado da organización e desenvolvemento deste evento deportivo segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascende a un total de 17.000,00 €, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollido como Anexo da documentación presentada pola entidade o 01.02.2023.



## Concello de Vigo

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade CLUB MARÍTIMO DE VIGO para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4800007 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A vixencia deste convenio é pola organización do evento deportivo “TROFEO INTERNACIONAL DE VELA E PIRAGÜISMO 2023”, tendo a obriga de presentar a documentación para a súa xustificación, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2023. A data prevista de celebración do evento poderá verse modificada por motivos organizativos e de forza maior xustificada, sen que se vexa afectado o clausulado do convenio así como as obrigas nas que se comprometen as partes e os aspectos formais e legais do expediente de concesión da subvención. En todo caso, non poderá superarse a data fixada para a obriga de presentar a documentación xustificativa.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso





## Concello de Vigo

de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión dunha subvención a favor da entidade deportiva CLUB MARÍTIMO DE VIGO, CIF: G27780535 pola organización do evento deportivo TROFEO INTERNACIONAL DE VELA E PIRAGÜISMO 2023 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00 €, previsto na partida orzamentaria 3410.480.00.07, a favor da entidade CLUB MARÍTIMO DE VIGO, CIF: G27780535 e enderezo social na rúa AVDA RICARDO MELLA, 143- NAVE 7A (36330), en Vigo, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente. Este crédito é con cargo á partida 3410.480.00.07 do vixente orzamento.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB MARÍTIMO DE VIGO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO TROFEO INTERNACIONAL DE VELA E PIRAGÜISMO 2023 (EXPTE. 22460/333).

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Dña. Elena Espinosa Mangana , *como Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (por delegación do Alcalde mediante resolución do 19 de xuño de 2023).*

Doutra, Dña. Zulema Prado Quiroga como presidenta da entidade CLUB MARÍTIMO DE VIGO, CIF: G27780535 e enderezo social na AVDA RICARDO MELLA, 143- NAVE 7A (36330), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 22460/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### **MANIFESTAN**

I.-O obxecto da proposta é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo do evento deportivo **TROFEO INTERNACIONAL DE VELA E PIRAGÜISMO 2023**, organizado pola entidade deportiva CLUB MARÍTIMO DE VIGO.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión e conta cunha ampla promoción da actividade deportiva e o nivel deportivo da competición.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-A entidade deportiva CLUB MARÍTIMO DE VIGO organiza o evento **TROFEO INTERNACIONAL DE VELA E PIRAGÜISMO 2023** que supón un valor moi importante para a promoción deportiva e turística da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O "TROFEO INTERNACIONAL VELA E PIRAGÜISMO CONCELLO DE VIGO 2023" se disputa no Concello de Vigo ao longo do mes de setembro.

Nas actividades se configura tanto unha categoría masculina coma unha feminina, promovendo a igualdade e participación da muller no deporte, así como un amplo espectro de participación de tódalas idades (infantís, cadetes, xuvenís, senior e veteráns) de modo transversal. Conta coa participación de mais de 300 palistas de kayak nacionais e tamén estranxeiros así como 150 embarcacións de vela olímpica ILCA e 500 regatistas de España e Portugal.

O evento supón unha importante campaña de difusión dos deportes náuticos e do turismo e actividade comercial na ría de Vigo, de modo que se fomenta a promoción da cidade e do seu entorno natural, así como do desfrute e actividades saudables na natureza. Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.



## Concello de Vigo

- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4800007 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 10.000,00 €, a favor da entidade deportiva CLUB MARÍTIMO DE VIGO.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do TROFEO INTERNACIONAL DE VELA E PIRAGISMO 2023 da entidade CLUB MARÍTIMO DE VIGO.

**VI.-** Que a entidade CLUB MARÍTIMO DE VIGO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 22460/333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e a CLUB MARÍTIMO DE VIGO conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### PACTOS

**Primeiro.-** A entidade CLUB MARÍTIMO DE VIGO comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Organizar o “TROFEO INTERNACIONAL DE VELA E PIRAGISMO 2023”, obxecto da subvención, asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización do evento deportivo.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

7º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

8º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade CLUB MARÍTIMO DE VIGO unha subvención por importe de 10.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4800007 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas ca súa organización do evento deportivo “TROFEO INTERNACIONAL DE VELA E PIRAGÜISMO 2023”. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo e ata o 15 de novembro.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria,



## Concello de Vigo

previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2023 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser



## Concello de Vigo

debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo “Trofeo internacional de vela e piragüismo 2023”.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2023 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima primeira.-** En relación á extinción e resolución:





## Concello de Vigo

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
  - b) O acordo unánime dos asinantes.
  - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
  - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
  - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

**8(627).- PROXECTO DE CONVENIO COA FUNDACIÓN IGUAL ARTE PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES. EXPTE. 11186/320.**

Dáse conta do informe-proposta de data 21/07/2023, asinado pola xefa de Participación Cidadá, o concelleiro delegado de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, e polo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 11/04/2023, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cristina Lago Pérez, con DNI 3614\*\*\*\*\*, en calidade de presidenta da Fundación Igual Arte (CIF: G36427524), achegou escritos (docs. 230086110, 230086118), nos que solicita a tramitación dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2022-2023, a realizar entre o 1/10/2022 e o 30/09/2023.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cristina Lago Pérez, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A Fundación Igual Arte, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e as Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmentemente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 06/06/2023.
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 06/06/2023.
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 06/06/2023.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 18/04/2023.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).



## Concello de Vigo

5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (01/10/22 - 30/09/23)	IMPORTE
Persoal de mantemento	9.484,00 €
Calefacción	3.000,00 €
Luz	500,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>12.984,00 €</b>

INGRESOS	IMPORTE
Recursos propios	2.984,00 €
Subvención Concello	10.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>12.984,00 €</b>

8. Certificación do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.
9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
  - a) Fundamentación, obxectivos e metas
  - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
  - c) Lugar de realización
  - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
  - e) Recursos humanos e materiais
  - f) Sistemas de avaliación, etc.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Fundación Igual Arte, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 851/03, segundo resolución da Alcaldía de data 05/06/2003.

V. O vixente exercicio orzamentario (2023) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2022, inclúe expresamente a partida 9240 4890012 “*Convenio Fundación Igual Arte*”, cunha dotación orzamentaria de 10.000,00 €.

VI. En data 17/04/2023 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 18/04/2023 do adxunto ao tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I. OBXECTO**

Este expediente ten por obxecto a tramitación dunha subvención prevista nominativamente nos vixentes orzamentos municipais á Fundación Igual Arte para o fomento das actividades programadas pola entidade, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento do seu local social entre o 1 de outubro de 2022 ata o 30 de setembro de 2023, situado na Rúa Palencia 34, necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público e social.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa Fundación Igual Arte.

Segundo recolle o art. 6 dos seus Estatutos, a entidade “Fundación Igual Arte”, ten, en xeral, por obxecto, a promoción, desenvolvemento, protección, participación, fomento de actividades sociais, culturais, educativas, musicais de expresión, danza, teatro, plástica e arte para todos, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Potenciar o benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Incrementar o sentimento de autoestima e autonomía das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Crear un espazo activo integrador, fomentando actividades lúdico artísticas que melloren o tempo libre e ocio das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Favorecer a capacidade de interrelación descubriendo outras canles de comunicación para estas persoas.
- ✓ Concienciar a sociedade das posibilidades artísticas das persoas con minusvalías.
- ✓ O inicio dunha liña de investigación na que se desenvolvan métodos e adaptacións curriculares para persoas con necesidades educativas especiais.
- ✓ Desenvolver vehículos de comunicación potenciando a interrelación familiar.
- ✓ Implicación da familia na filosofía e proxecto da Fundación.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovelas activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Fundación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigas e compromisos asumidos polas partes.



## Concello de Vigo

### **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Corresponde o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais (*Resolucións da Alcaldía de delegación de competencias de data 20/06/2023*) a formalización e sinatura do convenio nos termos expostos no seu apartado Primeiro j).

Doutra parte, asinará o convenio D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cristina Lago Pérez, con DNI 3614\*\*\*\*\*, en calidade de Presidenta da Fundación Igual Arte (CIF.- G36427524), con domicilio social na Rúa Palencia 34 de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 11186/320.

### **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

#### **IV. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023) sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

#### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O vixente exercicio orzamentario (2023) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2022, inclúe expresamente a partida 9240 4890012 “*Convenio Fundación Igual Arte*”, cunha dotación orzamentaria de 10.000,00 €.

A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola “*Fundación Igual Arte*” no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.



## Concello de Vigo

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

### **VI. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/22 e o 30/09/23, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2023**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención, así como, os correspondentes xustificantes bancarios. subvención, así como, os correspondentes xustificantes bancarios.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o

emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

## **VII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

## **VIII. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de datas 19/06/2023 e 20/06/2023, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

## **IX. RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden





## Concello de Vigo

ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro j), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 10.000,00 € (dez mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890012 denominada “*Convenio Fundación Igual Arte*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2023.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “*Fundación Igual Arte*” (CIF.- G36427524), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e a realizar pola entidade entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 10.000 € (dez mil euros).

**TERCEIRO.-** É competente para a sinatura do convenio o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro j).

**CUARTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolta expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditado e notificación da resolución.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN IGUAL ARTE PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES, DIRECTAMENTE RELACIONADAS, NECESARIAS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO**

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Ángel Rivas González na súa calidade de concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cristina Lago Pérez, con DNI 3614\*\*\*\*\*, en calidade de Presidenta da Fundación Igual Arte (CIF: G36427524), con domicilio social Rúa Palencia, nº 34, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 11186/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

### **MANIFESTAN**

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un



## Concello de Vigo

elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos

intereses públicos a aqueles aos que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioeducativas que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación especial, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito da integración (laboral, social, educativa, familiar...) das persoas con discapacidade, sendo a Fundación Igual Arte unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 6 dos seus Estatutos, a entidade “*Fundación Igual Arte*”, ten, en xeral, por obxecto, a promoción, desenvolvemento, protección, participación, fomento de actividades sociais, culturais, educativas, musicais de expresión, danza, teatro, plástica e arte para todos, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Potenciar o benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Incrementar o sentimento de autoestima e autonomía das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Crear un espazo activo integrador, fomentando actividades lúdico artísticas que melloren o tempo libre e ocio das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Favorecer a capacidade de interrelación descubriendo outras canles de comunicación para estas persoas.
- ✓ Concienciar a sociedade das posibilidades artísticas das persoas con minusvalías.
- ✓ O inicio dunha liña de investigación na que se desenvolvan métodos e adaptacións curriculares para persoas con necesidades educativas especiais.
- ✓ Desenvolver vehículos de comunicación potenciando a interrelación familiar.
- ✓ Implicación da familia na filosofía e proxecto da Fundación.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a “*Fundación Igual Arte*” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 851/03 no epígrafe 2.7.2.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade Fundación Igual Arte leve a cabo os proxectos e actividades socioeducativas planificadas para o 2023, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento, necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4890012, denominada “*Convenio Fundación Igual Arte*” nominativa a favor da entidade, con unha asignación orzamentaria de 10.000,00 €.

VII.- As actividades programadas pola Fundación Igual Arte para o 2023, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente, agrúpanse en tres programas fundamentais:

1. Programa artístico
2. Centro de día
3. Centro ocupacional

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da fundación, mediante o financiamento dos gastos de mantemento do seu local social, situado na Rúa Palencia, 34, entre os meses de outubro de 2022 a setembro de 2023, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, cuxa contía, segundo orzamento de gastos achegado, é o seguinte:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (outubro 2022- setembro 2023)</b>	<b>IMPORTE</b>
Persoal de mantemento	9.484,00 €
Calefacción	3.000,00 €
Luz	500,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>12.984,00 €</b>

IX.- Que a entidade Fundación Igual Arte non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, educativo, asistencial... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Fundación Igual Arte*, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito socioeducativo e lúdico-formativo, dirixidas á potenciar o benestar e a integración de persoas con minusvalías e necesidades especiais, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

### **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade *Fundación Igual Arte* comprométese a colaborar coa concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no



## Concello de Vigo

servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.

3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

**Segundo.**- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “*Fundación Igual Arte*” unha subvención por importe de 10.000 € (dez mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890012, denominada “*Convenio Fundación Igual Arte*”, do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos de mantemento do seu local social entre os meses de outubro de 2022 a setembro de 2023, situado na Rúa Palencia 34, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, en definitiva, para o fomento das mesmas.
2. Respetar a estrutura organizativa da “*Fundación Igual Arte*”.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.
2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.
3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.-** En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Sexto.-** A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

**Sétimo.-** A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre outubro de 2022 ata setembro de 2023.

**Oitavo.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Fundación Igual Arte* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2023**.



## Concello de Vigo

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun “X” diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificárase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dunha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:
  - Contrato de traballo.
  - Xustificante do contrato de traballo rexistrado no SEPE.
  - Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (RLC) e Relación nominal de traballadores (RNT), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
  - Nóminas correspondente aos meses imputados.
  - Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
  - Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)





## Concello de Vigo

- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e/ou o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá e Festas, e de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

**Noveno.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de

relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola "Fundación Igual Arte" no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

**Décimo.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES66 2100 1774 2102 0004 2194 (CaixaBank).

**Décimo primeiro.-** Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.

**Décimo segundo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/22 e o 30/09/23.

**Décimo terceiro.-** A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Participación Cidadá e Festas. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sétimo.-** A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos



## Concello de Vigo

Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

**Décimo oitavo.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo noveno.**- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Vixésimo.**- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

### **9(628).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA FUNDACIÓN “VIGO EN DEPORTE” (VIDE). EXPTE. 1504/1102.**

Dáse conta da proposta de data 24/07/23, asinada pola secretaria de Goberno local e polo alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O Concello de Vigo, no exercicio das súas funcións de Patrón da Fundación “Vigo en Deporte” (VIDE), actuará no Padroado a través da Presidencia que recaer no Sr. Alcalde e no Padroado a través de dous vogais designados polo Concello (artigo 13 dos Estatutos).

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

**Primeiro.-** O Concello de Vigo, no exercicio das súas funcións de Patrón da Fundación “Vigo en Deporte” (VIDE), actuará na mesma, tal e como se indica nos artigos 10 e 13 dos seus Estatutos, a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Álvarez, quen ostentará a Presidencia do Padroado e a través da Segunda Tenente Alcalde e Concelleira de Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, dona Elena Espinosa Mangana e o Concelleiro Delegado da Área de Deportes, D. José Manuel Fernández Pérez.

**Segundo.-** Comunicar este acordo ao Fundación “Vigo en Deporte” (VIDE) aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

**Terceiro.-** O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Cuarto.-** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(629).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA EMPRESA DE SERVICIOS MORTUORIOS DE VIGO, S.A (EMORVISA). EXPTE. 1512/1102.**

Dáse conta da proposta de data 24/07/23, asinada pola secretaria de Goberno local e polo alcalde, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O Concello de Vigo segundo informe do Servizo de Patrimonio de data 10.06.2022 e trala transmisión de 1230 accións a Funeraria Viguesa s.a. en escritura pública do 19/5/2011 nº de protocolo 561), é titular do 10% das accións da empresa Emorvisa "Empresa de servicios mortuorios de Vigo, S.A."

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

**Primeiro.-** Designar representante do Concello de Vigo na Empresa de servicios mortuorios de Vigo, S.A (EMORVISA) ao Concelleiro de Orzamentos e Facenda, don Jaime Aneiros Pereira.

**Segundo.-** Comunicar este acordo a Empresa de servicios mortuorios de Vigo, S.A (EMORVISA) aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

**Terceiro.-** O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Cuarto.-** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(630).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE OBRAS DO PROXECTO DE "MELLORA DA ILUMINACIÓN DO MONTE DA GUÍA". EXPTE. 1665/441.**

Visto o informe xurídico do 06/06/2023 e o informe de fiscalización de data 19/07/2023, dáse conta do informe-proposta de data 26/05/2023, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado da Área de

Goberno de Fomento e Servizos e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 07.03.2019 resolveu o autorizar o gasto e o contrato menor para a redacción do proxecto de “Mellora de iluminación do Monte da Guía” a favor da empresa favor da empresa URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERIA CIVIL, S.L..

**II.-** A empresa URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERIA CIVIL, S.L.. presenta, trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de “MELLORA DA ILUMINACIÓN DO MONTE DA GUÍA”, redactado polos Enxeñeiros D. Julio Roberes de Cominges e D. Hugo García Carro, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS NOVENTA E CINCO MIL ONCE EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS (395.011,45€).

**III.-** Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 7 de marzo de 2023, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 7 e 8 de marzo de 2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 9 de marzo de 2023 aprobou o proxecto de obras de “MELLORA DA ILUMINACIÓN DO MONTE DA GUÍA”, redactado polos Enxeñeiros D. Julio Roberes de Cominges e D. Hugo García Carro, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS NOVENTA E CINCO MIL ONCE EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS (395.011,45€), e con sinatura dixital de data 16 de decembro de 2021. (Expte. 4753-443).

**IV.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 09.03.2023 que se corresponde co expediente administrativo 4.753-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Enxeñeiros D. Julio Roberes de Cominges e D. Hugo García Carro.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnico de xestión, polo Técnico de Administración Xeral, polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas de datas 23 e 27 de marzo de 2023.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 27 de marzo de 2023..
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 29 de marzo de 2023.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 1 de abril de 2023.



## Concello de Vigo

- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada pola Enxeñeira Industrial en data 3 de maio de 2023.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data s 22, 23 e 24 de maio de 2023.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 24 de maio de 2023.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 24 de maio de 2023.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 07.03.2023) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“MELLORA DA ILUMINACIÓN DO MONTE DA GUÍA”** redactado polos Enxeñeiros D. Julio Roberes de Cominges e D. Hugo García Carro.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 24 de maio de 2023.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **TRESCENTOS NOVENTA E CINCO MIL ONCE EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS (395.011,45 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 68.555,71 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1650.619.00.01 do orzamento vixente, crédito provinte da incorporación de remanentes (Decreto do Alcalde-Presidente de data 08.02.2023), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	395.011,45 €
------	--------------

**Cuarto.-**Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





## Concello de Vigo

### **12(631).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN POLÍGONO 2 FASE A DO PLAN PARCIAL DE SAN PAIO DE NAVIA. EXPTE. 5275/401.**

Dáse conta do informe-proposta de data 20/07/2023, asinado pola técnica de Admón.Xeral do Servizo de Planeamento de Desenvolvemento e Xestión, a xefa da Área de Desenvolvemento urbanístico e pola concelleira-delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, que di o seguinte:

#### I.- Antecedentes e Feitos

##### A) Actuacións administrativas realizadas

Con data do 12.01.2023, a Técnica de Admon. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, o Enxeñeiro de Camiños, canais e portos de urbanización e infraestruturas, co conforme da Xefa do Departamento de desenvolvemento urbanístico e o Xerente de urbanismo, emiten informe conxunto, de cara á aprobación definitiva do presente expediente, do que se reiteran a continuación os seus Antecedentes perfectamente condensados no recaído pronunciamento xurídico:

“(..).I.- Compre traer a colación como antecedente do presente, o expediente tramitado nesta administración,e do que trae causa , relativo á “2ªModificación Puntual do Plan Parcial de Navia “(Exp.15666/411), aprobada definitivamente polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo na sesión que tivo lugar o 29.07.2020; Dito acordo de aprobación definitiva, foi publicado no DOG núm. 183 do 09.09.2020, a súa normativa no BOP núm.212 do 03.11.2020, e figura inscrita no rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia o 09.10.2020, co núm.RPG00064/2020, polo que ten acadado plena eficacia e vixencia.

Pola súa banda, e no que atinxe ao procedemento de xestión, tramitado polo IGVS, a través do sistema de expropiación, procedeuse a apertura nesta administración do expediente co núm. 278/413, en atención a documentación remitida polo IGVS, relativa a expropiación por taxación conxunta dos bens e dereitos afectados, e que se precisan ocupar para a execución dos polígonos do Plan Parcial de San Paio de Navia.

I.II.- Con data do 14.07.2022 a Xunta de goberno local do Concello de Vigo, en base e de conformidade coa proposta subscrita conxuntamente pola Técnica de Admón. Xeral do servizo de planeamento e xestión, o enxeñeiro de camiños, canais e portos e a Xefa da área de desenvolvemento urbanístico, previo ditame do Consello da XMU ,acordou prestar aprobación con carácter inicial, »Proxecto de urbanización do Polígono 2, Fase A do Plan Parcial de San Paio de Navia», documento técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 22.02.2022 (doc. Núm. 220039177), redactada por PROYFE SL, con data febreiro de 2022, e asinada con firma dixital válida, pola arquitecta Lorena Pardiñas lamas, o enxeñeiro de camiños, canais e portos David Pardiñas Lamas, e o enxeñeiro industrial Pablo Alonso Lago do 31.03.2021, instrumento urbanístico promovido pola Instituto Galego de Vivenda e Solo (...).”

I.III.- En cumprimento do disposto, someteuse o expediente con toda a documentación integrante do mesmo, ao correspondente trámite de información pública, aberto polo prazo de un (1) mes, consonte a normativa de pertinente aplicación, mediante a publicación de anuncios no BOP núm.166 de data 31.08.2022 e nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo) do 26.08.2022, na Web e na Sede electrónica municipal; e así o fai constar a Xefa da oficina de Rexistro desta XMU en dilixencia asinada o 02.11.2022, incorporada ao expediente dixital de razón.

Consta asemade, Certificación expedida con data do 03.11.2022 polo Secretaria da Admon Municipal por encomenda do Secretario da XMU co visto e prace da Vicepresidenta da XMU, na que se fai constar que,

durante o período de información pública do expediente núm. 5275/401, do “Proxecto de urbanización do polígono 2, Fase A, do Plan Parcial de Navia”, aberto polo prazo dun (1) mes, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior difusión da provincia (Faro de Vigo, do 26 de agosto de 2022), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 166, do 31 de agosto de 2022), na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, así como no Boletín Oficial do Estado (número 232, do 27 de setembro de 2022), segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente, en data do 2 de novembro de 2022, pola Xefa da Oficina de Rexistro da XMU, presentáronse os seguintes escritos de alegacións:

Data rexistro entrada	Doc.	Interesado
19/09/2022	220224884	María Jesús Pastoriza Alonso
23/09/2022	220228815	Carmen Alonso Costas

Asemade procedeuse a notificación individualizada a todos os interesados no presente procedemento, así como a solicitude dos informes sectoriais que resultan preceptivos en atención as características do ámbito.

I.IV. De todo ata aquí actuado e tramitado, procedeuse a dar traslado á entidade promotora da presente actuación, e así consta acreditado no expediente dixital de referencia; Á vista do notificado, con data do 25.11.2022 tiña entrada nesta XMU a través do sistema SIR (doc. 220292755), un oficio asinado polo director xeral do IGVS, ao que xunta informe de resposta ás alegacións presentadas e proposta de Resolución para a aprobación definitiva do expediente de información pública e do proxecto de urbanización da actuación, suscrito por “Proyfe SL” en data novembro de 2022, e asinado dixitalmente polo enxeñeiro redactor do proxecto David Pardiñas Lamas, integrado polos seguintes apartados: Obxecto, Antecedentes, Informes de órganos da administración, Certificados de Exposición pública, Resumo das Alegacións presentadas, Resposta ás alegacións particulares e proposta de Resolución.

No que respecta a alegación presentada no preceptivo período de información pública por María Jesús Pastoriza Alonso Alonso, a cuxo íntegro contido nos remitimos e no que en resumo solicita que se proceda a construción dos muros de contención que separan as parcelas sitas cara ao norte respecto das sitas no sur segundo o plano que achega,- a promotora da presente actuación tralo análise da mesma conclúe que, se proceda a súa desestimación, dado que ás actuacións solicitadas pola alegante queda forma do obxecto do proxecto de urbanización, dado que calquera tipo de actuación necesario dentro das parcelas resultantes da urbanización será realizada polo propietario da mesma no momento de acometer as obras de urbanización; Pola súa banda, e no que atinxe á reposición dos servizos afectados da parcela terase en conta o recollido no acordo previo ao procedemento de exclusión a realizar dentro do procedemento expropiatorio.

No que respecta á alegación presentada no preceptivo período de información pública por Carmen Alonso Costas, a cuxo íntegro contido nos remitimos e no que en resumo solicita que se proceda á construción dos muros de contención que separan as parcelas sitas cara o Norte respecto as sitas cara o Sur (segundo plano que se xunta) a promotora da presente actuación tralo análise da mesma conclúe que, se proceda a súa desestimación, dado que ás actuacións solicitadas pola alegante queda forma do obxecto do proxecto de urbanización, dado que calquera tipo de actuación necesario dentro das parcelas resultantes da urbanización será realizada polo propietario da mesma no momento de acometer as obras de urbanización; Pola súa banda, e no que atinxe á reposición dos servizos afectados da parcela terase en conta o recollido no acordo previo ao procedemento de exclusión a realizar dentro do procedemento expropiatorio.



## Concello de Vigo

Dado o anterior, no dito oficio o IGVS conclúe que, non estima necesario modificar o proxecto técnico de urbanización aprobado inicialmente, e solicita que se continúe coa tramitación para aprobar definitivamente o dito proxecto de urbanización .

I.V. Elevado o expediente completo ao enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito ao servizo de urbanización e infraestruturas desta Área de Desenvolvemento Urbanístico, con data do 12.01.2023 emite informe técnico, de carácter favorable a referida actuación, do que extractamos a continuación o seu contido referido ao axuizamento da documentación técnica presentada, para unha maior comprensión do nel concluído,

*"(...) Segundo se reflicte da notificación recibida por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo, ese organismo estima que, malia ás observacións contidas nos informes de aprobación inicial e ás alegacións recibidas durante o período de exposición pública, non é preciso modificar o proxecto de urbanización aprobado inicialmente. De feito, solicítase a aprobación definitiva do mesmo.*

*No referido ás alegacións recibidas durante a exposición pública, o IGVS achega o documento "Informe de respuesta a las alegaciones presentadas y propuesta de resolución para la aprobación definitiva del expediente de información pública y del proyecto de urbanización de la actuación: Proyecto de urbanización polígono 2A do plan parcial de San Paio de Navia". Este informe, elaborado polo redactor do proxecto D. David Pardiñas Lamas, recolle a resposta ás seguintes alegacións:*

### *1.1. Informes de órganos da Administración.*

*Secretaría General de Transportes y Movilidad. Dirección General de Aviación Civil*

*Segundo o informe aportado polo IGVS:*

*Con fecha de 19 de octubre de 2022, tuvo entrada en el Registro electrónico da Xerencia municipal de Urbanismo del Concello de Vigo, oficio da Dirección General de Aviación Civil, en relación con el Proyecto de Urbanización correspondientes al polígono 2B del Plan Parcial de San Paio de Navia.*

*O informe reflicte, en resumo, o seguinte*

*É dicir, especifícase que debe ser AESA quen, no seu caso, emita informe sobre o cumprimento das servidumes aeronáuticas. A data de emisión deste informe non consta no expediente ningunha comunicación ao respecto por parte dese organismo. Porén, e tendo en conta que aínda está vixente o prazo deste organismo para a emisión de informes, o promotor estará obrigado a cumprir co posible condicionado que derive dos mesmos.*

### *1.2. Informes de empresas privadas*

*Telefónica España S.A.U.*

*Segundo o informe achegado polo IGVS, a XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO do CONCELLO DE VIGO solicitou informe á empresa TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U, que respostou con un informe remitido desde a Gerencia Planta Externa – Jefatura de Variaciones indicando básicamente as seguintes cuestións:*

*§ TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. comunica su disposición para colaborar con la entidad que desarrolle el proyecto de referencia, en los aspectos de diseño, construcción y mantenimiento de las infraestructuras de obra civil.*

*§ En lo relativo a las nuevas necesidades indican que estas dependen de la demanda que se genere en el propio municipio, por lo que no es posible dar ninguna previsión con antelación.*

*En base ao anterior, o proxectista indica o seguinte:*

§ Los proyectos de urbanización de los diferentes sectores consisten en una reurbanización integral con la ejecución de nuevos viales que modifican el trazado de los existentes y nuevas parcelas destinadas a edificaciones.

§ Durante la redacción de los proyectos de urbanización del Plan Parcial de San Paio de Navia, tal y como se recogen en el ANEJO Nº15 del proyecto del polígono 2A, se establecieron distintas comunicaciones con TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. con fechas 04/08/2020 y 01/12/2020 a la dirección de correo electrónico [variaciones\\_y\\_asesoramientos@telefonica.com](mailto:variaciones_y_asesoramientos@telefonica.com) en los que se remitió documentación y aclaraciones correspondientes a estas actuaciones sin que finalmente se recibiera respuesta alguna al respecto.

§ En el ANEJO 8.6 del proyecto de urbanización en su APARTADO. 1 INTRODUCCIÓN, se indica lo siguiente: "Durante la tramitación del PLAN PARCIAL DE NAVIA. SECTOR PAU 4 la DIRECCIÓN GENERAL DE TELECOMUNICACIONES Y TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN emite informe preceptivo a petición del Concello de Vigo en materia de comunicaciones electrónicas y de conformidad con lo dispuesto en el artículo 35.2 de la Ley 9/2014, de 9 de mayo, General de Telecomunicaciones recogido en el ANEXO VI. INFORMES PREVIOS, INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO E INFORMES SECTORIALES."

Dicho documento estableció como norma de referencia para el desarrollo de la red la siguiente:

UNE 133100:2002: Infraestructuras para redes de telecomunicaciones en sus apartados 1, 2, 3, 4 y 5.

De igual forma, en dicho apartado, se indica lo siguiente:

Non compren observación complementarias a esta resposta salvo a obrigación do promotor de manter un contacto cos responsables da compañía durante a execución dos traballos que permita garantir a mínima afección ao servizo prestado.

### 1.3. Alegacións particulares.

Alegación particular D<sup>a</sup>. María Jesús Pastoriza Alonso (Polígono P2A)

(...) Sen entrar a valorar o fondo da alegación dende un punto de vista xurídico, non compren observacións complementarias á resposta a esta alegación salvo incidir na necesidade de garantir a reposición dos servizos afectados.

Alegación particular D<sup>a</sup>. Carmen Alonso Costas (Polígono P2A).(...)

sen entrar a valorar o fondo da alegación dende un punto de vista xurídico, non compren observacións complementarias á resposta a esta alegación salvo incidir na necesidade de garantir a reposición dos servizos afectados.

### 2. Observacións contidas no informe de aprobación inicial.

Por outra banda, no informe de aprobación inicial figuraban unha serie de observacións de carácter técnico que, salvo mellor criterio, non condicionan a aprobación definitiva do proxecto. Análzanse a continuación:

§ A observación 1, suxería a posibilidade de redefinir a trazado do eixo dos tramos V-V-2.1/V-V-A de xeito que se poida dispoñer dunha beirarrúa accesíbel en ambas marxes namentres non se desenvolven as aliñacións previstas no planeamento.



## Concello de Vigo

§ As observacións 2 e 3 facían referencia a opcións de mellora da accesibilidade e coordinación coa contorna do ámbito durante a execución das obras, ou con fases pendentes de desenvolvemento, para mellorar a permeabilidade e a mobilidade peonil na zona.

É dicir, tratase de cuestións resolubles durante a execución dos traballos que non invalidan a súa definición técnica.

### 3. Conclusións

Vista a documentación presentada o 22 de febreiro de 2022 sobre o Proxecto de Urbanización do Polígono 2A do Plan Parcial de Navia e o contido técnico das respostas achegadas ás alegacións recibidas durante o período de exposición pública, considerase completa e axeitada para proceder á súa aprobación definitiva de conformidade co pautado nos artigos 96 da LSG e 223 e 225 do seu Regulamento de desenvolvemento (..).

#### B) Informes sectoriais

Con data do 17.01.2023 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria, prestou aprobación ao Proxecto de urbanización do Polígono 2A do Plan Parcial de San Paio de Navia.

Solicitados ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, - promotor da presente actuación- os preceptivos informes sectoriais da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia así como o da Axencia Estatal de Seguridade Área (AESA), os mesmo son presentados en datas 04.07.2023 e 17.03.2023, respectivamente, de carácter favorable a presente actuación.

Con data do 04.07.2023 a Arquitecta Xefa do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico, emite informe técnico favorable, no que expresa que, constan no expediente os seguintes informes sectoriais:

##### a) Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

En data 04/07/2023 e co nº de documento 230179843 e 230179978 recíbese a resolución de data 27/06/2023, expte. 2990/22 da DXPC **na que se autoriza a urbanización do polígono 2A do Plan Parcial de Navia**, incluíndo o traslado dos elementos protexidos (Hórreo AE27 da MP e Mina de auga AE44 da MP) segundo o proxecto redactado por Iria López Baltar, Restauradora e Conservadora de Bens Culturais condicionado a elaboración dun Informe Preliminar antes do traslado e tralo rozado e limpeza da vexetación e a elaboración dunha memoria final que documente o proceso levado a cabo.

##### b) Servidumes Aeronáuticas, AESA

En data 17/03/2023 e co nº de documento 230070610 recíbese acordo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de servidumes aeronáuticas, expte O23-0093 no que se autoriza **a execución do proxecto de urbanización dos polígono 1, 2A e 2B do plan parcial de San Paio de Navia** co condicionado de non superar os valores de altura e elevación que constan no informe.

##### c) Augas de Galicia

Consta no expediente, trámite nº 395 de data 23/08/2022 solicitude de Informe de Augas de Galicia con rexistro de saída nº 11198-2022 sin que exista constancia da súa expedición. Os informes sectoriais autonómicos deberan emitirse no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderase emitidos en sentido favorable, segundo o artigo 75.1.c da LSG e 186.1.b. do RLSG. No obstante o anterior, tanto o

*polígono 1 e o 2B Augas de Galicia informou que se atopan fora da zona de policía de leitos e non precisan autorización do citado organismo o mesmo sucede co polígono 2A.  
Polo que procede continuar a tramitación para a súa aprobación.(..)*”.

## II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

### II.I. Normativa Básica aplicable

- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana,
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e as súas modificacións,
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación,
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental,
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia,
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia,
- Lei 21/2003, do 7 de xullo, de Seguridade Área; Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, de Servidumes aeronáuticas, modificado polo RD 297,2013, do 26 de abril,
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- PXOU 93-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/1985, do 22 de agosto). DOGA núm. 87 do 10.05.1993, BOP núm. 133 do 14.07.1993),
- 2ª Modificación Puntual do Plan Parcial de Navia (Exp.15666/411), aprobado definitivamente polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo con data do 29.07.2020,
- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013) ,
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019),
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000,
- O resto das disposicións que poidan afectar,

### II.II- Natureza, Obxecto e Ámbito do proxecto de urbanización

O presente expediente, tal e como se detallou no expositivo, trae causa da 2ª modificación puntual do Plan Parcial de Navia, instrumento de planeamento de desenvolvemento previsto no vixente PXOU-93, promovida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo co obxecto de reordenar as etapas III-B, IV, V e VI (pendentes de desenvolvemento) a fin de, segundo o solicitado, adaptar a ordenación destas etapas á normativa vixente e corrixir as disfuncións detectadas polo dito órgano, sen alterar as determinacións urbanísticas orixinalmente previstas para as etapas xa urbanizadas e executadas.

A ordenación detallada propón para os terreos pendentes de transformación, unha ordenación mixta de edificación en bloques de IV e V plantas e vivendas unifamiliares que se asentarán de forma gradual na



## Concello de Vigo

transición entre o tecido extensivo da parroquia de Navia e os bloques de vivenda de maior altura do polígono xa executados.

A edificabilidade total lucrativa que se dita MP proxecta é de 717.775 m<sup>2</sup>c (605.528 m<sup>2</sup>c residenciais e 112.247 m<sup>2</sup>c para usos terciarios). Tendo en conta a edificación xa materializada nas etapas xa executadas (416.413 m<sup>2</sup>c de uso residencial e 67.246 m<sup>2</sup>c terciarios), a edificabilidade remanente que se propón nesta modificación para as etapas que restan por executar ascende a 234.116 m<sup>2</sup>c (189.115 m<sup>2</sup>c en uso residencial e 45.001 m<sup>2</sup>c de uso terciario), para aproximadamente 1.599 vivendas máis, que sumadas ás 3.732 xa executadas farán un total de aproximadamente 5.331 vivendas.

A modificación puntual propón para as fases pendentes de desenvolvemento urbanístico unha dotación de 22.757 m<sup>2</sup> de zonas verdes, 23.946 m<sup>2</sup> de equipamentos, 1.213 prazas de novos aparcamentos públicos e a plantación de 2.341 árbores, o que cumpre as reservas mínimas establecidas na LSG para todo o sector de solo urbanizable.



Vista área do ámbito.- fonte proxecto achegado, autoría Proyfe, SL

A MP delimita tres polígonos para o desenvolvemento da ampliación, con dúas fases para cada un deles; No que aquí nos interesa, respecta ao polígono 2 Fase A, abrangue unha superficie de 44.538 m<sup>2</sup>, que se corresponde coa etapa V, a separación de fases do polígono 2, trae causa da discontinuidade do ámbito, e se corresponde cos terreos de transición entre o polígono de Navia xa executado e o tecido residencial de Navia cara o Oeste, e a trama urbana de Coia cara o Este.

### II.III.-Dos Proxectos de urbanización

Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), como o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG), configuran os proxectos de urbanización como instrumentos de execución dos plans, logo de que a anterior Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), abandonase a súa tradicional incardinación no eido do planeamento.

En concreto, os artigos 96 LSG e 223 RLSG, baixo o epígrafe “*execución e conservación de obras de urbanización,*” dispoñen que os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento. Neste caso atinxe á execución material das obras de urbanización da 2ª MP de Navia, (Polígono 1) coas características e resto de parámetros descritos.

Os proxectos de urbanización constituirán, en todo caso, instrumentos para o desenvolvemento de todas as determinacións que o plan prevexa en canto a obras de urbanización, tales como viabilidade, abastecemento de auga, rede de saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinaria, sinalización e mobiliario urbano, infraestruturas telefónicas e de telecomunicacións, redes de gas e outras análogas (art. 225.2 RLSG); e deberán definir, detallar e programar as obras coa precisión necesaria para que poidan ser executadas, eventualmente, por persoal técnico distinto da persoa autora do proxecto e estar subscritos por persoal técnico con habilitación legal suficiente.

Así mesmo, as empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos prestarán a súa colaboración para garantir a redacción do proxecto e a súa execución. Neste senso, os proxectos deberán resolver o enlace cos sistemas xerais e prever as infraestruturas de conexión e as de ampliación ou reforzo, como así se fai neste caso, tal e como indica o enxeñeiro de camiños, canais e portos, desta XMU no informe emitido con data do 12.01.2023.

Os proxectos de urbanización non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras; deben respectar, en todo caso, as condicións de accesibilidade universal e atender a criterios de calidade, sustentabilidade económica e ambiental así coma de eficiencia enerxética.

En ningún caso os proxectos de urbanización poderán conter determinacións sobre ordenación, réxime do solo ou da clasificación e deberán axustarse ás determinacións establecidas nas normas de urbanización contidas no planeamento.

En canto ao contido do proxecto, o artigo 225 RLSG, establece que abranguerá unha memoria descritiva das características das obras, planos de información e situación debidamente referenciados, planos de proxecto e de detalle, prego de prescricións técnicas, medicións, cadros de prezos, orzamento e estudos, programas e plans de seguridade e calidade que procedan.

Neste senso, en relación á suficiencia da documentación presentada e cumprimento dos aspectos técnicos de obrigada observancia, o enxeñeiro de camiños, canais e portos da XMU en data 12.01.2023 informa con carácter favorable dito extremo, concluíndo que, o proxecto que nos ocupa dá cumprimento ás determinacións da normativa urbanística e de planeamento de aplicación e que conta coa documentación esixida ao respecto, informe que se incorporan ao presente expediente e lle serven de motivación, consonte co previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### II.IV.- Formulación e tramitación

Os proxectos de urbanización que se redacten para a execución das obras faranse por encargo da administración actuante ou a iniciativa particular nos sistemas de execución indirectos.

A promotora deberá xustificar diante do Concello a solicitude dos informes das empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos que deberán ser emitidos no prazo de un mes, transcorrido o cal poderase continuar co procedemento aprobatorio.

A tramitación dos proxectos de urbanización establécese no punto 3º do amentado artigo 96 LSG e, no seu desenvolvemento no artigo 226 RLSG, que determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes (1 mes), mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados.

Durante a fase de información pública do proxecto, o Concello deberá solicitar os informes e autorizacións sectoriais que resulten preceptivos.





## Concello de Vigo

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes, do xeito e co resultado que se indicou nos Antecedentes de Feito.

### II.V.- Informes sectoriais

Incorpóranse e forman parte do presente expediente, os informes sectoriais “supra relacionados” no informe técnico do 04.07.2023, recadados de conformidade coa vixente lexislación urbanística e sectorial de aplicación, de carácter favorable a presente actuación, e/ou que expresan condicionados subsanables :

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Resolución emitida o 27.06.2023 pola Xefa do Servizo de Coordinación cultural da Delegación Territorial de Pontevedra, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que, se autoriza o proxecto de urbanización do polígono 2A do Plan Parcial de Navia, incluíndo o traslado dos elementos protexidos (Hórreo AE27 da MP e Mina de auga AE44 da MP) segundo o proxecto redactado por Iria López Baltar, Restauradora e Conservadora de Bens Culturais condicionado a elaboración dun Informe Preliminar antes do traslado e tralo rozado e limpeza da vexetación e a elaboración dunha memoria final que documente o proceso levado a cabo.

- Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Axencia Estatal de Seguridade Área, -AESA-, Acordo do 16.03.2023, polo que se autoriza a execución do proxecto de urbanización dos polígono 1, **2A** e 2B do plan parcial de San Paio de Navia co condicionado de non superar os valores de altura e elevación que constan na táboa incorporada ao mesmo.

Conclusión.- Cumprimentados os trámites sinalados, e tralo análise técnico e xurídico co contido e alcance de avaliar a integridade documental do proxecto de urbanización, as actuacións administrativas realizadas e a súa adecuación e conformidade coa lexislación vixente que resulta de aplicación, o expediente está completo e procede propor ao órgano competente a aprobación definitiva do Proxecto de urbanización do Polígono 2 Fase A do Plan Parcial de San Paio de Navia.

### II.VI.- Órgano competente

Resulta competente para a adopción do presente acordo á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, e que se incorporan e forma parte da presente proposta de acordo, e lle serve de motivación, consonte ao previsto no artigo 88.6 da LPACAP,- Proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

PRIMEIRO.- Desestimar ás alegacións achegadas no preceptivo trámite de información pública, con base e de conformidade co informe de resposta ás alegación presentadas con data do 25.11.2022 (Doc. Núm. 220292755) suscrito pola entidade redactora do proxecto “Proyfe SL” en data novembro de 2022, e asinado dixitalmente polo arquitecto redactor David Pardiñas Lamas, nos termos invocados nas alíneas precedentes.

SEGUNDO.- Prestar aprobación, con carácter definitivo, ao «Proxecto de urbanización do Polígono 2A do Plan Parcial de San Paio de Navia», documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta

Xerencia municipal de urbanismo con data do 22.02.2022 (Doc. Núm. 220039170), redactada por PROYFE SL con data febreiro de 2022, e asinada con firma dixital válida pola arquitecta Lorena Pardiñas Lamas, o enxeñeiro de camiños, canais e portos David Pardiñas Lamas, e o enxeñeiro industrial Pablo Alonso Lago, así como á documentación presentada con data do 25.11.2022 (Doc. Núm. 220292755) "Informe ás alegacións" que se incorpora e forma parte da documentación técnica integrante do mesmo.

TERCEIRO: O contido íntegro do instrumento definitivamente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico [https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo\\_pxom2.php?lang=gal#/](https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/) , e no Portal de Transparencia.

CUARTO.- Notificar o contido íntegro do presente acordo ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, así como a todos os interesados no presente procedemento, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun (1) mes, ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que considere conveniente. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

QUINTO.- Remitir un exemplar da documentación aprobada definitivamente, debidamente dilixenciada, aos correspondentes organismos da administración estatal e autonómica, con competencias sectoriais na materia, en atención as consideracións e/ou observacións realizadas nos nomeados informes sectoriais emitidos e que obran incorporados ao expediente de razón; Pola súa banda e no eido municipal dar traslado do presente acordo aos seguintes Servizos e/ou Departamentos : Tráfico, Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Servizo de Limpeza, Mobilidade, Transporte e Seguridade, Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, Licenza de Obras e ás empresas: Aqualia, Nedgia e Unión Fenosa distribución, Telefónica, R Cable e Gas Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(632).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN POLÍGONO 2 FASE B DO PLAN PARCIAL DE SAN PAIO DE NAVIA. EXPTE. 5276/401.**

Dáse conta do informe-proposta de data 20/07/2023, asinado pola técnica de Admón.Xeral do Servizo de Planeamento de Desenvolvemento e Xestión, a xefa da Área de Desenvolvemento urbanístico e pola concelleira-delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes e Feitos



## Concello de Vigo

### A) Actuacións administrativas realizadas

Con data do 12.01.2023 a Técnica de Admon. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, o Enxeñeiro de Camiños, canais e portos de urbanización e infraestruturas, co conforme da Xefa do Departamento de desenvolvemento urbanístico e o Xerente de urbanismo, emiten informe conxunto, de cara á aprobación definitiva do presente expediente, do que se reiteran a continuación os seus Antecedentes perfectamente condensados no recaído pronunciamento xurídico:

“(..).I.- Compre traer a colación como antecedente do presente, o expediente tramitado nesta administración, e do que trae causa o neste intre tramitado, isto é a “2ª Modificación Puntual do Plan Parcial de Navia (Exp.15666/411), aprobado definitivamente polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo na sesión que tivo lugar o 29.07.2020; Dito acordo de aprobación definitiva, foi publicado no DOG núm. 183 do 09.09.2020, a súa normativa no BOP núm.212, do 03.11.2020, e figura inscrita no rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia o 09.10.2020, co núm.RPG00064/2020, polo que ten acadado plena eficacia e vixencia.

Pola súa banda, e no que atinxe ao procedemento de xestión, tramitado polo IGVS, a través do sistema de expropiación, procedeuse a apertura nesta administración do expediente co núm. 278/413, en atención a documentación remitida polo IGVS, relativa a expropiación por taxación conxunta dos bens e dereitos afectados, e que se precisan ocupar para a execución dos polígonos do Plan Parcial de San Paio de Navia.

I.II.- Con data do 01.04.2022 a Xunta de goberno local do Concello de Vigo, en base e de conformidade coa proposta subscrita conxuntamente pola Técnica de Admón. Xeral do servizo de planeamento e xestión, o enxeñeiro de camiños, canais e portos e a Xefa da área de desenvolvemento urbanístico, previo ditame do Consello da XMU, acordou prestar aprobación con carácter inicial, «Proxecto de urbanización do Polígono 2B do Plan Parcial de San Paio de Navia», documento técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 22.02.2022 (doc. Núm. 220039177), redactada por PROYFE SL, con data febreiro de 2022, e asinada con firma dixital válida, pola arquitecta Lorena Pardiñas lamas, o enxeñeiro de camiños, canais e portos David Pardiñas Lamas, e o enxeñeiro industrial Pablo Alonso Lago do 31.03.2021, instrumento urbanístico promovido pola Instituto Galego de Vivenda e Solo (...).”

I.III.- En cumprimento do disposto, someteuse o expediente con toda a documentación integrante do mesmo, ao correspondente trámite de información pública, aberto polo prazo de un (1) mes, consonte a normativa de pertinente aplicación, mediante a publicación de anuncios no BOP núm.72 de data 13.04.2022 e nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo) do 08.04.2022, na Web e na Sede electrónica municipal; e así o fai constar a Xefa da oficina de Rexistro desta XMU en dilixencia asinada o 13.07.2022, incorporada ao expediente dixital de razón.

Consta asemade, Certificación expedida con data do polo Secretario da XMU co visto e prace da Vicepresidenta da XMU, na que se fai constar que, ( )Que durante o trámite de información pública do expediente núm. 5276/401, do “Proxecto de urbanización do polígono 2B do Plan Parcial de San Paio de Navia”, aberto polo prazo de un (1) mes, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior difusión na provincia (Faro de Vigo, do 8 de abril de 2022), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (núm. 72, do 13 de abril de 2022), na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, así como publicación de edicto no suplemento de notificacións do Boletín Oficial do Estado (núm. 138, de data 10 de xuño de 2022), segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente en data do 13 de xullo de 2022 pola Xefa da oficina do Rexistro da XMU, presentáronse os seguintes escritos de alegacións:

Data rexistro entrada	Cod.Sol.	Doc.	Interesado
19/05/2022		220109301	Juan Avelino Fernández Alonso

Asemade procedeuse a notificación individualizada a todos os interesados no presente procedemento, así como a solicitude dos informes sectoriais preceptivos en atención as característica do ámbito.

I.IV. De todo ata aquí actuado e tramitado, procedeuse a dar traslado á entidade promotora da presente actuación, e así consta acreditado no expediente dixital de referencia; Á vista do oficiado, con data do 25.11.2022 tiña entrada nesta XMU a través do sistema SIR (doc. 220293089), un oficio asinado polo director xeral do IGVS , ao que xunta informe de resposta ás alegación presentadas e proposta de Resolución para a aprobación definitiva do expediente de información pública e do proxecto de urbanización da actuación, subscrito por “Proyfe SL” en data novembro de 2022, e asinado dixitalmente polo enxeñeiro redactor do proxecto David Pardiñas Lamas, integrado polos seguintes apartados: Obxecto, Antecedentes, Informes de órganos da administración, Certificados de Exposición pública, Resumo das Alegacións presentadas, Resposta á alegación particular e proposta de Resolución.

No que respecta a alegación presentada no preceptivo período de información pública por Juan Avelino Fernández Alonso, no que en resumo solicita que, se inclúa no presente proxecto de urbanización unha entrada de carruaxe para a parcela de referencia catastral 9631823NG1793S0001BR, quedando un acceso para vehículos a motor dende a nova rúa proxectada a finca descrita- a promotora da presente actuación tralo análise da mesma conclúe que se proceda a súa desestimación , dado que o viario do proxecto do polígono 2B ten sido desenvolvido en base ao Plan Parcial aprobado polo Concello de Vigo, e tras revisar a ubicación do dito predio o mesmo se atopa fora do ámbito do plan parcial; que unha vez analizadas as cotas do viario proxectado, a zona de conexión descrita na alegación do vial proxectado con denominación Vial V-III-4 no proxecto no PP.KK 0+000 atópase a cota de terreo, polo que tecnicamente sería viable que por dito punto se poida acceder a finca de referencia catastral 9631823NG1793S0001BR, e dado que en calquera caso, non é obxecto do proxecto o posible acceso a dita finca particular, por atoparse fora do ámbito do plan parcial.

Dado o anterior, no dito oficio o IGVS conclúe que, non estima necesario modificar o proxecto técnico de urbanización aprobado inicialmente, e solicita que se continúe coa tramitación para aprobar definitivamente o dito proxecto de urbanización .

I.V. Elevado o expediente completo ao enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito ao servizo de urbanización e infraestruturas desta Área de Desenvolvemento Urbanístico, con data do 12.01.2023 emite informe técnico, de carácter favorable a referida actuación, do que extractamos a continuación o seu contido referido ao axuizamento da documentación técnica presentada, para unha maior comprensión do nel concluído,

*“(...)Segundo se reflicte da notificación recibida por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo, ese organismo estima que, malia ás observacións contidas nos informes de aprobación inicial e ás alegación recibidas durante o período de exposición pública, non é preciso modificar o proxecto de urbanización aprobado inicialmente. De feito, solicítase a aprobación definitiva do mesmo.*

*No referido ás alegacións recibidas durante a exposición pública, o IGVS achega o documento “Informe de respuesta a las alegaciones presentadas y propuesta de resolución para la aprobación definitiva del*



## Concello de Vigo

expediente de información pública y del proyecto de urbanización de la actuación: Proyecto de urbanización polígono 2B do plan parcial de San Paio de Navia". Este informe, elaborado polo redactor do proxecto D. David Pardiñas Lamas, recolle a resposta ás seguintes alegacións:

### 1.1. Informes de órganos da Administración.

#### Augas de Galicia

Segundo se recolle no informe aportado polo IGVS:

La Zona Hidrográfica Galicia-Sur de Augas de Galicia envió informe el 11/07/2022, al Concello de Vigo, con número de expediente 5274/401, entrada en Registro electrónico da Xerencia municipal de Urbanismo con fecha de 11 de xullo de 2022 (doc. 220172752).

O informe reflicte, en resumo, o seguinte

Non compren comentarios relevantes que facer sobre este comentario salvo destacar que se trata dun informe relativo ao Polígono 1 e non ao Polígono 2B polo que resulta trabucada a súa inclusión neste informe.

#### Secretaría General de Transportes y Movilidad. Dirección General de Aviación Civil

Segundo o informe aportado polo IGVS:

Con fecha de 19 de octubre de 2022, tuvo entrada en el Registro electrónico da Xerencia municipal de Urbanismo del Concello de Vigo, oficio da Dirección General de Aviación Civil, en relación con el Proyecto de Urbanización correspondientes al polígono 2B del Plan Parcial de San Paio de Navia.

O informe reflicte, en resumo, o seguinte

Por lo anterior, dado que los documentos facilitados no son instrumentos de ordenación urbanística o territorial, no procede emitir informe por parte de esta Dirección General.

Asimismo, dado que se considera que la petición se engloba dentro de las resoluciones que ha de emitir la Agencia Estatal de Seguridad Aérea (AESA) conforme a los dispuesto en los artículos 30 y 31 del Decreto 584/72 sobre servidumbres aeronáuticas, en su actual redacción, se ha dado traslado a dicha Agencia de la documentación remitida a este Centro Directivo a efectos de que, en su caso, se prosiga con la correspondiente tramitación en relación con la verificación del cumplimiento de las Servidumbre Aeronáuticas.

É dicir, especifícase que debe ser AESA quen, no seu caso, emita informe sobre o cumprimento das servidumes aeronáuticas. A data de emisión deste informe non consta no expediente ningunha comunicación ao respecto por parte dese organismo. Porén, e tendo en conta que aínda está vixente o prazo deste organismo para a emisión de informes, o promotor estará obrigado a cumprir co posible condicionado que derive dos mesmos.

Alegación particular D. Juan Avelino Fernández Alonso (Polígono P2B).

Na alegación presentada por D<sup>o</sup> Juan Avelino Fernández Alonso con DNI 36.047.945-E e domicilio en CR de Camposancos, 174, 36330, Coruxo-Vigo (Ver Informe completo no Anexo I), este solicita:

"(...) "Que se incluía no proxecto de urbanización de polígono 2B do plan parcial de San Paio de Navia, una entrada de carruaxe para a parcela de referencia catastral 9631823NG1793S0001BR. Quedando un acceso para vehículos a motor desde a nova rúa proxectada hasta a finca descrita". (...)"

A resposta trasladada polo IGVS maniféstase nos seguintes termos:

§ El viario del proyecto del polígono 2B fue desarrollado en base al Plan Parcial aprobado por el Concello de Vigo, revisada la ubicación de la finca esta se encuentra fuera del ámbito del Plan Parcial.

§ *Una vez analizadas las cotas del viario proyectado, en la zona de conexión descrita en la alegación el vial proyectado con denominación Vial V-III-4 en el proyecto en el PP.KK 0+000 se encuentra a cota de terreno, por lo que técnicamente sería viable que por ese punto se pueda acceder a la finca de referencia catastral 9631823NG1793S0001BR.*

§ *En cualquier caso, no es objeto del Proyecto el posible acceso a esta finca particular, por encontrarse fuera del ámbito del Plan Parcial*

*Sen entrar a valorar o fondo da alegación dende un punto de vista xurídico, este técnico pode ratificar os seguintes aspectos:*

§ *De acordo con especificado no informe redactado polo enxeñeiro redactor do proxecto de urbanización, sería viable a execución dun acceso atendendo ás cotas previstas nese ámbito do proxecto.*

§ *Non corresponde ao proxecto de urbanización resolver cuestións vinculadas ao planeamento urbanístico. A reclamación debe enmarcarse no eido do planeamento municipal e, no seu caso, incorporar durante a fase de execución das obras os posibles cambios que puideran derivar da súa resolución.*

§ *De calquera xeito, a execución das obras de urbanización non empeora a situación actual da parcela, que non ten acceso a ningún vial público.*

## *2. Observacións contidas no informe de aprobación inicial.*

*Por outra banda, no informe de aprobación inicial figuraban unha observación relativa á parcela de equipamento EQ-III B na que, a data de emisión deste informe, está prevista a execución dun novo centro de educación secundaria. Nesta observación solicitábase que o proxecto da nova instalación educativa tivera en conta as demandas de manobra e aparcamento dos vehículos que accedan ó centro, tanto particulares como de transporte do alumnado. A máis, solicitábase que a xeometría dos viais da contorna se fixese compatible coas entradas e saídas ao novo centro e que, de calquera xeito, se axustase o seu deseño durante a fase de execución para evitar a redución de carrís agora planeada.*

*É dicir, considéranse cuestións resolubles durante a execución dos traballos e que, salvo mellor criterio, non condicionan a aprobación definitiva do proxecto.*

## *3. Conclusións*

*Vista a documentación presentada o 22 de febreiro de 2022 sobre o Proxecto de Urbanización do Polígono 2B do Plan Parcial de Navia e o contido técnico das respostas achegadas ás alegacións recibidas durante o períodos de exposición pública, considerase completa e axeitada para proceder á súa aprobación definitiva de conformidade co pautado nos artigos 96 da LSG e 223 e 225 do seu Regulamento de desenvolvemento(..)".*

## **B) Informes sectoriais**

Con data do 17.01.2023 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria, prestou aprobación ao Proxecto de urbanización do Polígono 2B do Plan Parcial de San Paio de Navia.

Solicitados ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, - promotor da presente actuación- os preceptivos informes sectoriais da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia así como o da Axencia



## Concello de Vigo

Estatal de Seguridade Área (AESA), os mesmo son presentados en datas 04.07.2023 e 17.03.2023, respectivamente, de carácter favorable a presente actuación.

Con data do 04.07.2023 a Arquitecta Xefa do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico, emite informe técnico favorable, no que expresa que, constan no expediente os seguintes informes sectoriais:

a) Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

En data 04/07/2023 e co nº de documentos 2301179846 e 230179992 recíbese a resolución de data 27/06/2023, expte. 2115/22 da DXPC na que se autoriza a urbanización do polígono 2B do Plan Parcial de Navia, incluíndo o movemento do elemento protexido (Hórreo AE41 da MP) segundo o proxecto redactado por Iria López Baltar, Restauradora e Conservadora de Bens Culturais, e a execución da prospección nas marxes de protección do Xacemento arqueolóxico ACH36057013, segundo do proxecto de prospección arqueolóxica previa do polígono 2B redactado por Darío Peña Pascual.

b) Servidumes Aeronáuticas, AESA

En data 17/03/2023 e co nº de documento 230070610 recíbese acordo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de servidumes aeronáuticas, expte O23-0093 no que se autoriza a execución do proxecto de urbanización dos polígono 1, 2A e 2B do plan parcial de San Paio de Navia co condicionado de non superar os valores de altura e elevación que constan no informe.

c) Augas de Galicia

Consta no expediente, trámite nº 352 co nº de documento 220172745, Informe de Augas de Galicia de data 11/07/2022 na que expoñen que as obras de urbanización do polígono 2B se atopan fora da zona de policía de leitos e non precisan autorización do citado organismo.

## II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

### II.I. Normativa Básica aplicable

- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana,
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e as súas modificacións,
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación,
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental,
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia,
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia,
- Lei 21/2003, do 7 de xullo, de Seguridade Área; Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, de Servidumes aeronáuticas, modificado polo RD 297,2013, do 26 de abril,
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- PXOU 93-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/1985, do 22 de agosto). DOGA núm. 87 do 10.05.1993, BOP núm. 133 do 14.07.1993),

- 2ª Modificación Puntual do Plan Parcial de Navia (Exp.15666/411), aprobado definitivamente polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo con data do 29.07.2020,
- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013) ,
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019),
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000,
- O resto da disposicións que poidan afectar,

## II.II.- Natureza, Obxecto e Ámbito do proxecto de urbanización

O presente expediente, tal e como se detallou no expositivo, trae causa da 2ª modificación puntual do Plan Parcial de Navia, instrumento de planeamento de desenvolvemento previsto no vixente PXOU-93, promovida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo co obxecto de reordenar as etapas III-B, IV, V e VI (pendentes de desenvolvemento) a fin de, segundo o solicitado, adaptar a ordenación destas etapas á normativa vixente e corrixir as disfuncións detectadas polo dito órgano, sen alterar as determinacións urbanísticas orixinalmente previstas para as etapas xa urbanizadas e executadas.

A ordenación detallada propón para os terreos pendentes de transformación, unha ordenación mixta de edificación en bloques de IV e V plantas e vivendas unifamiliares que se asentarán de forma gradual na transición entre o tecido extensivo da parroquia de Navia e os bloques de vivenda de maior altura do polígono xa executados.

A edificabilidade total lucrativa que se dita MP proxecta é de 717.775 m<sup>2</sup>c (605.528 m<sup>2</sup>c residenciais e 112.247 m<sup>2</sup>c para usos terciarios). Tendo en conta a edificación xa materializada nas etapas xa executadas (416.413 m<sup>2</sup>c de uso residencial e 67.246 m<sup>2</sup>c terciarios), a edificabilidade remanente que se propón nesta modificación para as etapas que restan por executar ascende a 234.116 m<sup>2</sup>c (189.115 m<sup>2</sup>c en uso residencial e 45.001 m<sup>2</sup>c de uso terciario), para aproximadamente 1.599 vivendas máis, que sumadas ás 3.732 xa executadas farán un total de aproximadamente 5.331 vivendas.

A modificación puntual propón para as fases pendentes de desenvolvemento urbanístico unha dotación de 22.757 m<sup>2</sup> de zonas verdes, 23.946 m<sup>2</sup> de equipamentos, 1.213 prazas de novos aparcamentos públicos e a plantación de 2.341 árbores, o que cumpre as reservas mínimas establecidas na LSG para todo o sector de solo urbanizable.





**Concello de Vigo**

Vista área do ámbito.- fonte proxecto achegado, autoría Proyfe, SL



A MP delimita tres polígonos para o desenvolvemento da ampliación, con dúas fases para cada un deles; No que aquí nos interesa, respecta ao polígono 2 B, abrangue unha superficie de 61.823 m<sup>2</sup>, que se corresponde coa etapa III B, a separación de fases do polígono 2B, trae causa da discontinuidade do ámbito, e se corresponde cos terreos de transición entre o polígono de Navia xa executado e o tecido residencial de Navia cara o Oeste, e a trama urbana de Coia cara o Este.

### II.III.-Dos Proxectos de urbanización

Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), como o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG), configuran os proxectos de urbanización como instrumentos de execución dos plans, logo de que a anterior Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), abandonase a súa tradicional incardinación no eido do planeamento.

En concreto, os artigos 96 LSG e 223 RLSG, baixo o epígrafe “*execución e conservación de obras de urbanización,*” dispoñen que os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento. Neste caso atinxe á execución material das obras de urbanización da 2ª MP de Navia, (Polígono 1) coas características e resto de parámetros descritos.

Os proxectos de urbanización constituirán, en todo caso, instrumentos para o desenvolvemento de todas as determinacións que o plan prevexa en canto a obras de urbanización, tales como viabilidade, abastecemento de auga, rede de saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinaría, sinalización e mobiliario urbano, infraestruturas telefónicas e de telecomunicacións, redes de gas e outras análogas (art. 225.2 RLSG); e deberán definir, detallar e programar as obras coa precisión necesaria para que poidan ser executadas, eventualmente, por persoal técnico distinto da persoa autora do proxecto e estar subscritos por persoal técnico con habilitación legal suficiente.

Así mesmo, as empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos prestarán a súa colaboración para garantir a redacción do proxecto e a súa execución. Neste senso, os proxectos deberán resolver o enlace cos sistemas xerais e prever as infraestruturas de conexión e as de ampliación ou reforzo,

como así se fai neste caso, tal e como indica o enxeñeiro de camiños, canais e portos, desta XMU no informe emitido con data do 12.01.2023.

Os proxectos de urbanización non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras; deben respectar, en todo caso, as condicións de accesibilidade universal e atender a criterios de calidade, sustentabilidade económica e ambiental así coma de eficiencia enerxética.

En ningún caso os proxectos de urbanización poderán conter determinacións sobre ordenación, réxime do solo ou da clasificación e deberán axustarse ás determinacións establecidas nas normas de urbanización contidas no planeamento.

En canto ao contido do proxecto, o artigo 225 RLSG, establece que abranguerá unha memoria descritiva das características das obras, planos de información e situación debidamente referenciados, planos de proxecto e de detalle, prego de prescricións técnicas, medicións, cadros de prezos, orzamento e estudos, programas e plans de seguridade e calidade que procedan.

Neste senso, en relación á suficiencia da documentación presentada e cumprimento dos aspectos técnicos de obrigada observancia, o Enxeñeiro de camiños, canais e portos da XMU en data 12.01.2023 informa con carácter favorable dito extremo, concluíndo que, o proxecto que nos ocupa dá cumprimento ás determinacións da normativa urbanística e de planeamento de aplicación e que conta coa documentación esixida ao respecto, informes que se incorporan ao presente expediente e lle serven de motivación, consonte co previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### II.IV.- Formulación e tramitación

Os proxectos de urbanización que se redacten para a execución das obras faranse por encargo da administración actuante ou a iniciativa particular nos sistemas de execución indirectos.

A promotora deberá xustificar diante do Concello a solicitude dos informes das empresas subministradoras e distribuidoras do servizos que deberán ser emitidos no prazo de un mes, transcorrido o cal poderase continuar co procedemento aprobatorio.

A tramitación dos proxectos de urbanización establécese no punto 3º do amentado artigo 96 LSG e, no seu desenvolvemento no artigo 226 RLSG, que determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes (1 mes), mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados.

Durante a fase de información pública do proxecto, o Concello deberá solicitar os informes e autorizacións sectoriais que resulten preceptivos.

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes, do xeito e co resultado que se indicou nos Antecedentes de Feito.

#### II.V.- Informes sectoriais

Incorpóranse e forman parte do presente expediente, os informe sectoriais “supra relacionados” no informe técnico do 04.07.2023, recadados de conformidade coa vixente lexislación urbanística e sectorial de aplicación, de carácter favorable a presente actuación, e/ou que expresan condicionados subsanables :



## Concello de Vigo

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Resolución emitida o 27.06.2023 pola Xefa do Servizo de Coordinación cultural da Delegación Territorial de Pontevedra, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que, se autoriza o proxecto de urbanización do polígono 2B do Plan Parcial de Navia, incluíndo o traslado dos elementos protexidos (Hórreo AE27 da MP) segundo o proxecto redactado por Iria López Baltar, Restauradora e Conservadora de Bens Culturais , e a execución da prospección nas marxes de protección do Xacemento arqueolóxico ACH36057013, segundo o proxecto de prospección arqueolóxica previa do polígono 2B redactado por Darío Peña Pascual.

- Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Axencia Estatal de Seguridade Aerea, -AESA-, Acordo do 16.03.2023, polo que se autoriza a execución do proxecto de urbanización dos polígono 1, 2A e **2B** do plan parcial de San Paio de Navia co condicionado de non superar os valores de altura e elevación que constan na táboa incorporada ao mesmo.

- Augas de Galicia, Informe de Augas de Galicia de data 11.07.2022, no que se expresa que as obras de urbanización do polígono 2B se atopan fora da zona de policía de leitos e non precisan autorización do citado organismo.

Conclusión.- Cumprimentados os trámites sinalados, e tralo análise técnico e xurídico co contido e alcance de avaliar a integridade documental do proxecto de urbanización, as actuacións administrativas realizadas e a súa adecuación e conformidade coa lexislación vixente que resulta de aplicación, o expediente está completo e procede propor ao órgano competente a aprobación definitiva do Proxecto de urbanización do Polígono 2 Fase B do Plan Parcial de San Paio de Navia.

### II.VI.- Órgano competente

Resulta competente para a adopción do presente acordo á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, e que se incorporan e forma parte da presente proposta de acordo, e lle serve de motivación, consonte ao previsto no artigo 88.6 da LPACAP,- Proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

PRIMEIRO.- Desestimar a alegación achegada no preceptivo trámite de información pública, con base e de conformidade co informe de resposta ás alegación presentadas con data do 25.11.2022 (Doc. Núm. 220293089) suscrito pola entidade redactora do proxecto "Proyfe SL" en data novembro de 2022, e asinado dixitalmente polo arquitecto redactor do proxecto David Pardiñas Lamas, nos termos invocados nas alíneas precedentes

SEGUNDO.- Prestar aprobación, con carácter definitivo, ao «Proxecto de urbanización do Polígono 2B do Plan Parcial de San Paio de Navia», documento técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 22.02.2022 (doc. Núm. 220039177) , redactada por PROYFE SL, con data febreiro de 2022, e asinada con firma dixital válida, pola arquitecta Lorena Pardiñas lamas, o enxeñeiro de camiños, canais e portos David Pardiñas Lamas, e o enxeñeiro industrial Pablo Alonso Lago, así como á documentación presentada con data do 25.11.2022 (Doc. Núm.220293089) "Informe ás alegacións" que se incorpora e forma parte da documentación técnica integrante do mesmo.

TERCEIRO: O contido íntegro do instrumento definitivamente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico [https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo\\_pxom2.php?lang=gal#/](https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/) , e no Portal de Transparencia.

CUARTO.- Notificar o contido íntegro do presente acordo ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, así como a todos os interesados no presente procedemento, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun (1) mes, ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que considere conveniente. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

QUINTO.- Remitir un exemplar da documentación aprobada definitivamente, debidamente dilixenciada, aos correspondentes organismos da administración estatal e autonómica, con competencias sectoriais na materia, en atención as consideracións e/ou observacións realizadas nos nomeados informes sectoriais emitidos e que obran incorporados ao expediente de razón; Pola súa banda e no eido municipal dar traslado do presente acordo aos seguintes Servizos e/ou Departamentos : Tráfico, Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Servizo de Limpeza, Mobilidade, Transporte e Seguridade, Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, Licenza de Obras e ás empresas: Aqualia, Nedgia e Unión Fenosa distribución, Telefónica, R Cable e Gas Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **14(633).-ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez